

Documentos Base

Principios básicos

Código Ético

Organización interna

Documentos políticos

Documento político de En Marea

**Forma de gobierno

**Regulamento para a elección do Consello das Mareas

ÍNDICE

1. Principios Básicos	3
2. Código Ético.....	7
Organización interna.....	19
Documentos políticos.....	35
Documento político plenario Compostela (aprobado no plenario do 17 de decembro de 2016)	36
Documento político do Consello das Mareas (aprobado no Consello das Mareas do 2 de abril de 2017.....	41
**Forma de Goberno	48
**Regulamento para a elección do Consello das Mareas.....	59

Principios Básicos

Marea Constituínte, 30 de xullo, Vigo

1. Principios Básicos

Estes son os principios básicos de En Marea, aprobados na Marea Constituínte o 30 de xullo en Vigo.

0. Garantía efectiva dos dereitos humanos

Aplicada a todos os grupos, xeracións e comunidades. Ás persoas migrantes, minorías étnicas, colectivos LGTBI e persoas con diversidade funcional e cognitiva. Procurando a inclusión social e combatendo toda forma de discriminación étnica, sexual, relixiosa ou de calquera outro tipo, cun compromiso claro coa cooperación exterior e coa adopción de medidas contra as empresas e entidades que vulneren os DD.HH. Garantindo unha existencia material digna e dereitos sociais para todas as persoas, cuxo empoderamento pasa polo exercicio dos seus dereitos políticos, nomeadamente o de asociación.

1. Radicalidade democrática

Rexeitamos un sistema meramente plebiscitario. Defendemos un modelo de democracia real, onde a sociedade delibere conxuntamente cos seus representantes institucionais sobre os asuntos de cotío, na procura dunha participación cidadá directa e horizontal e de institucións colaborativas e laicas, abertas e ao servizo da xente. Activando novas ferramentas metodolóxicas. Organizaremos unhas primarias abertas e participativas, validaremos un programa electoral colaborativo e estableceremos mecanismos de rendición de contas. Defendemos o dereito a decidir e a soberanía dos pobos.

2. Transparencia e loita contra a corrupción

Guiarémonos por un Código Ético vinculante no que os cargos electos, de confianza e persoal directivo adquirirán, entre outros, os seguintes compromisos: a declaración de bens, a súa revogación e censura, a limitación de mandatos, a non acumulación, nin duplicidade de postos e a rendición periódica de contas. Rexeitamos as prácticas clientelares de todo tipo, nomeadamente as portas xiratorias. Apostamos pola supresión dos privilexios, a democratización da representación política, a transparencia e xestión eficiente dos recursos; fomentando a auditoría cidadá das contas públicas.

3. Feminización da política e loita contra calquera tipo de discriminación

Defendemos a feminización da política. Isto é, unha maneira diferente de intervir e facer política, que respecte as diferenzas, a diversidade e pluralidade, o minoritario e fomente a colaboración e entendemento para acadar acordos; creando espazos sen xerarquías e sen competencias e loitas de poder, nos que primen os principios de solidariedade e igualdade. Declarámonos feministas, posicionámonos en contra do modelo patriarcal e a favor de combater calquera tipo de discriminación. Non só de xénero, senón de clase, de etnia, de crenzas ou de calquera outra natureza. Queremos un novo modelo social, que teña na coeducación un dos seu eixos principais, así como na visibilización e posta no centro das nosas accións programáticas a reconquista e a defensa dos nosos dereitos e liberdades; coa posta en marcha de plans específicos contra as violencias machistas e protección das vítimas, pola defensa dos dereitos sexuais e reprodutivos,

recoñecendo o dereito das mulleres a decidir sobre o seu corpo, esixindo o aborto universal e de balde con cargo ao gasto público; e coa realización de plans específicos de integración e de apoio laboral, sanitario, psicolóxico e xudicial en beneficio de todas aquelas persoas e colectivos minoritarios ou minorizados que sofren múltiples discriminacións.

4. Defensa dun modelo económico xusto que garanta os dereitos sociais e laborais

Propoñemos un novo modelo económico, respectuoso co ambiente, equitativo, solidario, sustentable e con total sentido da xustiza social. Rexeitamos o actual sistema económico de ditadura dos mercados e cremos noutro fundamentado no apoio mutuo e na solidariedade. Namentres ese sistema non sexa implementado, avogaremos por un modelo fiscal altamente progresivo que permita unha mellor redistribución da riqueza e recursos do país que garanta unha existencia material digna para todas. Crems nas prácticas cooperativistas e iniciativas de economía social. Na defensa do rural e dos sectores agrario, gandeiro, forestal e pesqueiro, achegando os medios necesarios para garantir unha soberanía alimentaria. Unha xustiza gratuita libre de taxas e dotada dos recursos necesarios para perseguir a fraude e a corrupción. Un novo modelo educativo compensatorio das desigualdades. Defendemos servizos públicos universais, gratuitos, e de calidade, con xestión pública, sen copagamentos nin recortes, en particular a sanidade, a educación, o dereito á conciliación da vida familiar e laboral, o réxime de pensións públicas e a aplicación efectiva da Lei da Dependencia. A atención ás persoas con mobilidade reducida ou necesidades especiais. Defendemos como fundamental o dereito á vivenda, o fin dos desafiuzamentos sen alternativa habitacional e a mediación cos bancos, un emprego e salarios dignos que combatan a precariedade, e unhas institucións ao servizo das persoas, que garantan para todas unha calidade de vida adecuada e coas necesidades básicas atendidas. Opoñémonos ás leis e aos tratados internacionais que degradan os nosos dereitos en beneficio dos intereses das multinacionais.

5. Defensa a lingua e cultura galega e do noso patrimonio

Defendemos todos os elementos da cultura do noso país, coa lingua como eixo vertebrador. Unha nova política lingüística integradora e efectiva e un decreto do galego no ensino que garanta a aprendizaxe do noso idioma e fomenta o seu uso. Apoiaremos modelos de inmersión lingüística no ensino e a interacción co mundo cultural e lingüístico lusófono. Propomos un pacto coas persoas que representan a creación, a animación, e a difusión da cultura. Defendemos unha nova política de conservación e difusión do patrimonio cultural como valor social. Queremos institucións que apoiem aos creadores e creadoras, que faciliten a expresión e produción cultural de base, e que alenten novas formas de creación artística. A política cultural debe significar tamén descentralización e diversidade, participación e accesibilidade para toda a poboación. Reactivaremos a conservación e difusión da memoria das vítimas do Franquismo.

6. Protección do ambiente e o benestar animal

Comprometémonos na loita contra o cambio climático a través da sustentabilidade, da redución de emisións, do aforro enerxético e dun consumo e produción responsables. Defendemos unha xestión dos residuos que reduza o seu volume e toxicidade, conserve e recupere os recursos naturais e evite o enterramento ou a incineración, segundo os patróns de Redución, Reutilización e Reciclahe. Loitando contra a contaminación e a deforestación e limitando e sancionando as

prácticas nocivas. Ordenando e respectando o territorio e alentando unha mobilidade sostible, baseada no transporte público e non contaminante, e nas infraestruturas verdes. Cunha aposta firme polas enerxías renovables, xestionadas desde un modelo de desenvolvemento comunitario, mediante modelos baseados na eficiencia enerxética e no autoconsumo. Coa defensa da biodiversidade, da calidade do aire e da auga, das especies autóctonas e dos recursos mariños. Co fomento da produción agrícola sostible e ecolóxica e a promoción do consumo de proximidade e de tempada. Coa protección dos dereitos dos animais e a salvagarda do seu benestar, desde unha perspectiva integral e unha aposta clara pola abolición daqueles espectáculos nos que sexan maltratados.

7. Defensa do común

Defendemos a xestión eficaz dos recursos públicos e a paralización das privatizacións de servizos, xunto coa recuperación dos bens comúns (como a auga e a enerxía) das mans dos especuladores. Institucións financeiras que non antepoñan o beneficio aos principios éticos. A recuperación de espazos públicos, limitando prácticas de empresas que explotan o que nos pertence a todas.

8. Máis autogoberno e mellor vertebración territorial

Apostamos polo municipalismo ao ser o Concello a institución administrativa máis próxima á cidadanía. Pondo en valor a parroquia e loitando contra o abandono do rural e o desequilibrio territorial do país, mediante a achega das infraestruturas e servizos sociais indispensables. Reformulando o urbanismo, evitando a especulación e preservando o territorio. Pola recuperación de políticas e plans de desenvolvemento local. Creando un marco facilitador dos procesos de cooperación intermunicipal, de xestión comarcal ou en áreas metropolitanas. Procuramos a equidade, a xustiza e a solidariedade interterritorial, que recolla toda a complexidade nos custos dos servizos para garantir a igualdade, tendo en conta os factores de dispersión e envellecemento poboacional. Galicia é para nós un suxeito político que debe ter ferramentas que lle permitan exercer o seu autogoberno, garantir os elementos que a configuran como nación e defender o benestar das persoas que vivimos nela. Estas ferramentas deberán tamén servir para defender estes intereses no estado español, na UE e en todos os estamentos e institucións nas que participa, e incrementar as súas relacións con Portugal e o mundo lusófono. Integrando no debate público á poboación emigrada como parte importante do que foi e é Galicia.

Código Ético

Marea Constituínte, 30 de xullo, Vigo

Este é o documento de **Código Ético** que foi aprobado na Marea Constituínte do 30 de xullo en Vigo. Foi elaborado a partir do consenso entre as diversas achegas e parte da base do traballo das [Mareas en Común](#).

Este documento de Código Ético recolle as prácticas e comportamentos que resultarán de obrigado cumprimento para as persoas que exerzan a representación do Espazo de Confluencia, sexan electas, persoal eventual ou altos cargos.

Este Código aplicarase, por regra xeral, á totalidade do corpo político que represente ao espazo, comprometido a responder ante o suxeito baixo os termos aquí definidos polo que, cando se fala de revogación, cese ou renuncia voluntaria, refírese estritamente no rango político, sen interferir, en ningún caso, no ámbito legal e vixente na material de contratación.

Procuramos con esta proposta unha base común para o comportamento ético das persoas que ocupen calquera posto de responsabilidade nas institucións e dentro da propia organización política que garanta a unidade do proceso, o respecto absoluto pola pluralidade do suxeito e o sentir diverso das persoas que habitamos este espazo.

Con este conxunto de boas prácticas, preténdese asegurar a democratización da representación política, fomentar a transparencia tanto no relativo aos recursos da organización coma na situación das representantes, dotarse de mecanismos axeitados de control do gasto, do financiamento e da xestión do gasto electoral.

Preténdese tamén evitar que a política se converta nunha profesión, regulando unha serie de incompatibilidades, limitando salarios e cargos e renunciando a todo tipo de privilexios, así como establecendo mecanismos de loita contra a corrupción.

Ademais, recóllense diferentes compromisos que as representantes deberán acatar, como o compromiso coa igualdade, coa lingua e coa cultura galega, coa natureza e co coñecemento libre.

Dada a natureza do Código Ético, prevese que en numerosos aspectos sexa necesario o seu desenvolvemento e concreción por normas propias da organización, coma o Regulamento, Organización Interna, Forma de Goberno ou a Carta Financeira, dentro do marco da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Ademáis, prevese a creación dun Comité de Ética e Garantías que vele polo efectivo cumprimento das normas que se conteñen neste Código e máis no Regulamento, por parte dos representantes.

1. Democratización da representación política

1.1 Compromiso ético e político das persoas representantes

O compromiso das persoas representantes é exercer a representación do corpo elector segundo os principios de lealdade, eficiencia e transparencia, de acordo con este Código Ético e coas

funcións encomendadas na lexislación vixente, no caso de ocupar responsabilidades institucionais ou de goberno.

As e os representantes, sexan cargos electos orgánicos ou institucionais, actuarán sempre no nome do proceso de confluencia e só do proceso de confluencia, en ningún caso representando intereses diferentes. Este compromiso estenderase ás e os representantes de designación política e voceiras/os dentro da organización (consonte á condición de espazo de representación individual).

As e os representantes defenderán publicamente o proxecto político, desenvolvendo os principios básicos e o programa, sen poder apelar á obxección de conciencia na aplicación das medidas que se comprometan na campaña electoral e nos documentos que consoliden o proxecto, entre eles, o propio Código Ético da organización.

As e os representantes actuarán segundo os principios de igualdade, horizontalidade e transversalidade, fomentando o funcionamento colexiado, o traballo colaborativo, a escoita activa e o debate de ideas. Promoverán a arbitrase e o consenso na toma de decisións nos diferentes espazos de representación e participación.

A laicidade será un principio reitor da acción ética no exercicio das funcións propias que implica o cargo público. Ningún tipo de manifestación relixiosa terá cabida na representación institucional.

As representantes políticas traballarán a prol do desenvolvemento do sistema aconfesional, á procura dunha separación real entre o estado e a igrexa.

As e os representantes comprométense ao respecto e defensa dos dereitos laborais e sindicais en relación ás persoas que desenvolvan tarefas profesionais no seu ámbito de xestión e responsabilidade.

1.2 Garantía do principio de obediencia na representación

A obediencia na representación garantirase mediante a creación, desenvolvemento e aplicación de mecanismos de participación e de rendición de contas.

Fomentarase o desenvolvemento de ferramentas de participación cidadá nos diversos espazos de representación política, de xeito que as políticas respondan aos desexos e necesidades da cidadanía, artellando fórmulas de intervención e consulta cidadá nos debates orzamentarios e lexislativos sobre os temas estratéxicos.

Desenvolveranse mecanismos de rendición de contas nos que as e os representantes políticos se someterán ao control directo da cidadanía, sen menoscabo das ferramentas que contemple a lexislación.

A nivel de organización política as e os representantes someteranse ante o suxeito político e ante o corpo elector, ás diferentes escalas e nos diversos espazos de representación, segundo se defina nos documentos de Forma de Goberno e Organización interna.

1.3 Habilitación de mecanismos de cesamento e revogación

Habilitaranse mecanismos de cesamento e revogación dos cargos con responsabilidade institucional de acordo coa lexislación vixente e dos seus procedementos. Estableceranse no documento de Forma de Goberno e serán desenvolvidos no Regulamento da organización.

Habilitaranse mecanismos de cesamento e revogación dos cargos con responsabilidade orgánica nos diversos espazos de representación política dentro da estrutura da organización.

Seguirán os procedementos que se especifiquen nos documentos de Organización Interna, a desenvolver no futuro Regulamento.

Os procedementos de revogación aplicaranse no caso de non producirse a dimisión voluntaria do cargo, nos supostos de violación dos principios éticos e políticos. Censurarase o desleixo de funcións e a xestión negligente, sempre baixo un procedemento debidamente normalizado. No regulamento da organización estableceranse mecanismos de garantías e avaliación da xestión das persoas con cargos públicos ou orgánicos.

Constituirase un Comité de Ética e Garantías coa función de velar polo cumprimento do Regulamento da organización e do propio Código Ético, que actuará a instancia de parte e exercerá o labor de control e transparencia dos procesos de revogación.

1.4 Mecanismos para evitar as denominadas “portas xiratorias”

As persoas que ocupen cargos con responsabilidade comprométense a non favorecer, de xeito arbitrario ou interesado, ás empresas, sociedades ou sectores dos que proveñen, de ser o caso. A contratación con esas empresas ou sociedades deberá rexirse, en todo caso, polo estipulado neste Código Ético e mais polos procedementos habituais de contratación e concurso públicos.

Publicarase a situación profesional das persoas con cargo durante os tres anos posteriores ao abandono das súas responsabilidades.

No marco do disposto na lei 1/2016, durante os cinco anos seguintes á data do seu cesamento, os altos cargos non poderán realizar actividades nin prestar servizos en entidades privadas relacionadas con expedientes sobre os cales ditasen resolución no exercicio do seu cargo.

Quedarán exceptuadas do disposto no punto anterior aquelas persoas que se reincorporen a entidades privadas nas cales xa exercen con anterioridade a ocupar o posto de alto cargo, sempre e cando as actividades que vaian desempeñar nela sexa en postos de traballo que non estean directamente relacionados coas competencias do cargo público ocupado nin poidan adoptar competencias do cargo público desempeñado.

O Comité de Ética e Garantías establecerá os mecanismos precisos para velar polo cumprimento deste precepto.

Os cargos políticos comprométese a non prestar servizos para empresas creadas ou reguladas en virtude do seu cargo durante un prazo mínimo de cinco anos desde o cesamento no cargo público.

Comprométese, igualmente, a non prestar servizos durante os dez anos posteriores ao cesamento nos seus consellos de administración.

1.5 Garantía da transparencia das nosas representantes

Os cargos institucionais e representantes orgánicos atenderán os compromisos de transparencia que establece este Código Ético, e os que se desenvolvan nos restantes documentos para os diversos espazos de representación política, sen menoscabo das obrigas que determine a lexislación vixente nesta materia.

Os cargos electos, así coma o persoal eventual e os cargos de designación política, farán públicas as súas declaracións de bens, renda e, no seu caso, de patrimonio, desde a toma de posesión e cunha periodicidade anual. Este compromiso estenderase durante 3 anos despois do abandono, calquera que fose a causa, das súas responsabilidades. No caso das declaracións de bens precisarase a porcentaxe da titularidade dos bens. Publicarase tamén a identidade das outras cotitulares e o vínculo que as une, sempre que medie expreso consentimento das persoas afectadas.

Serán de coñecemento das persoas inscritas no censo da organización, polo procedemento que se estime, os ingresos salariais, rendementos patrimoniais e os antecedentes laborais ou profesionais dos 5 anos anteriores, indicando, no seu caso, a empresa, administración ou entidade na que prestaron servizos, así coma os cargos que ostenten as persoas candidatas en colectivos ou entidades de carácter político, sindical, social e cultural.

2. Financiamento, transparencia e xestión dos gastos

2.1 Criterios e prácticas de transparencia no financiamento e na xestión dos gastos

Promoverase a transparencia en materia de financiamento e xestión de gastos, tanto a nivel de representación institucional coma de organización política.

Toda a cidadanía poderá coñecer periodicamente todos os ingresos e gastos da organización, estea na oposición ou teña responsabilidades de goberno. O balance de ingresos e gastos publicarase cunha periodicidade trimestral na páxina web da organización política.

Publicarase tamén na páxina web a procedencia dos recursos e achegas, así coma o balance de ingresos e gastos das campañas electorais ás que concorra a organización.

Consonte a esa transparencia, faranse públicos a través da páxina web, nos órganos que corresponda, os criterios de competencia, mérito e capacidade, tidos en conta para a contratación do persoal eventual, de confianza ou altos cargos.

Publicaranse os ingresos e gastos do grupo parlamentario, con balance trimestral.

Publicaranse todas as contratacións públicas e os criterios de contratación.

O grupo e as persoas saíntes colaborarán no traspaso de información e coñecementos, de xeito que se garanta unha axeitada renovación, seguindo un protocolo acordado.

2.2 Xestión do financiamento e o control dos gastos dentro da organización

A xestión dos recursos e control de gastos rexeráse polos principios de eficiencia, transparencia e sustentabilidade, acorde coa lexislación vixente e tendo en conta os principios básicos da organización.

Redactarase unha Carta Financeira onde se establezan as condicións de financiamento, o reparto dos recursos e a fixación de salarios das persoas que realicen traballo por conta allea a cargo da organización, baixo a condición de “caixa única” e conforme aos criterios de equidade, suficiencia, estabilidade e corresponsabilidade. Esta Carta Financeira será consensuada dentro da organización, referendada mediante o procedemento que se estime e posta a disposición pública. En todo caso, publicarase na páxina web da organización.

A condición de “caixa única” determina que os recursos cos que se dote a organización e os seus gastos corresponden á totalidade, sen cotas de reparto.

O financiamento farase, principalmente, a través dos recursos públicos en función da representación obtida nas eleccións, en aplicación da lexislación vixente, para garantir a independencia política.

Poderá tamén financiarse con recursos privados, preferentemente a través de achegas da cidadanía. Fomentarase o pequeno mecenado destinado a accións e necesidades concretas.

Aceptaranse doazóns privadas e créditos bancarios, en todo caso, sen menoscabo da independencia política, segundo as limitacións que estableza a lexislación vixente en materia de financiamento de partidos e as que se estipulan neste código ético, a saber:

- Os recursos privados contribuirán, xustificadamente, ao aumento da capacidade da organización para o desenvolvemento do programa político e dos principios básicos da organización.
- Os recursos empregaranse para fins concretos, nos que sexa posible unha cuantificación, valoración e aprobación.
- En todo caso, a organización e a candidatura apostará, de conformidade coa lexislación de aplicación, pola banca ética e/ou cooperativa ou cun alto grao de responsabilidade social.
- Renunciarase a doazóns ou créditos que procedan de entidades que utilicen recursos de procedencia incerta, cun funcionamento pouco transparente ou con obxectivos claramente opostos aos do proceso.

2.3 Financiamento e control dos gastos na administración pública

A xestión na administración pública rexeráse polo principio de efectividade prestacional de forma que, en ningún caso, se reduzan os servizos públicos. Limitarase a externalización de servizos e

optimizaranse os cargos de designación política e personal de confianza, procurando aumentar a capacidade da administración pública e a democratización das institucións.

Velarase pola independencia e transparencia dos órganos públicos de fiscalización e control interno das contas públicas.

Os recursos públicos destinados a cubrir os gastos dos cargos electos e de designación política non se empregarán para o financiamento da organización, agás o estipulado e consensuado na Carta Financeira e de conformidade co que establezan as condicións da lexislación en material de financiamento de partidos políticos

2.4 Principios de responsabilidade

Establecerase a condición de corresponsabilidade, implicando ao conxunto da organización, tanto a nivel individual como colectivo, no cumprimento dos principios e condicións que se establecen neste Código ético e na Carta Financeira.

Estableceranse mecanismos de control interno como auditorías e comisións de investigación, sen menoscabo dos instrumentos que estableza a lexislación vixente en materia de financiamento.

O Comité Ético actuará no caso de incumprimento da Carta Financeira segundo os mecanismos de control interno que se establezan.

2.5 Principios rectores da xestión do gasto electoral

O gasto electoral rexerese polos principios de transparencia, eficiencia, sustentabilidade, de acordo cos límites e condicións que estableza a lexislación vixente en materia de financiamento electoral.

A campaña financiarase preferentemente coas achegas económicas das persoas físicas. Aceptaranse achegas das persoas xurídicas, prioritariamente as procedentes de entidades de carácter social, así como as dos partidos políticos que conflúan. Estes procurarán achegar as cantidades que a súa capacidade lles permita, aínda que tales contribucións non outorgarán dereitos políticos.

Renunciarase a aquelas doazóns ou créditos que poidan coartar a independencia política do proxecto. Tamén no caso de proceder de entidades que empreguen recursos de procedencia incerta, cun funcionamento pouco transparente ou con obxectivos claramente opostos aos do proceso.

No caso de necesitar financiamento externo, recorrerase a entidades de banca ética e/ou cooperativa ou cun alto grao de responsabilidade social.

Manterase un nivel baixo dentro do teito legal establecido, sempre en comparación coas restantes forzas políticas, facendo uso das redes sociais e medios telemáticos e coa procura de mecanismos participativos e creativos na publicidade do proxecto e da candidatura.

A campaña afastarase da política espectáculo, dos grandes eventos baleiros de contido e da propaganda trivial. Comprometémonos cunha campaña electoral baseada nas propostas políticas, nos argumentos e nas ideas.

3. Non profesionalización da política, supresión de privilexios e medidas contra a corrupción

3.1 Incompatibilidades das representantes

As incompatibilidades establécense na procura de evitar unha acumulación de poderes, garantir a eficiencia nas funcións encomendadas e fortalecer a pluralidade e cohesión do proxecto, de modo que os cargos representen o proceso de confluencia e non as partes que a constitúen.

Porén, dada a complexidade do escenario político actual, así como a pluralidade do suxeito e da proposta política, pensada en chave de confluencia e unidade popular e xa de por si complexa e múltiple na súa composición poderán establecerse ámbitos de excepcionalidade en función da responsabilidade dos cargos e alcance territorial.

En todo caso, as persoas electas, o persoal de confianza e os cargos institucionais, son incompatibles do desempeño de altos cargos representativos nas organizacións políticas e sindicais, tanto a nivel nacional como provincial, diferentes á propia Marea.

Non poderán ser cargos electos ou de designación política aquelas persoas que incorran nun conflito de intereses entre as súas responsabilidades públicas e a súa actividade profesional, calquera que esta fose.

A condición de cargo público é incompatible con calquera outra responsabilidade nas Administracións Públicas, agás aquelas que sexan inherentes á propia condición de membro do parlamento ou do goberno.

Corresponderá ao Comité Ético e de Garantías o control e valoración das incompatibilidades dos cargos institucionais e orgánicos, segundo os criterios que se establecen neste Código Ético. No documento de Organización Interna, determinanse o resto de incompatibilidades á procura dun control na acumulación de cargos orgánicos, que afectará á responsabilidade política por cargo vinculado ás comisións de traballo funcionais, sectoriais ou territoriais.

3.2 Non profesionalización da política

Para evitar a profesionalización da política, establecerase unha limitación de permanencia nos cargos públicos a dúas lexislaturas segundo o establecido no epígrafe 3.5.

Asemade, establecerase a condición de limitación de salario, especificando os topes salariais, que se publicarán con anterioridade a cada proceso electoral na Carta Financieira, conforme ao epígrafe 3.3.

Os salarios fixaranse en función da proporcionalidade entre cargos públicos medidos pola súa responsabilidade institucional.

Establécese como criterio xeral o principio de “unha persoa un cargo”. Esta limitación afectará, en todo caso, aos cargos institucionais con adicación exclusiva.

As representantes non poderán ocupar máis dun cargo político na Administración, agás cando llelo esixan as súas responsabilidades como cargos electos ou de designación política. Cando así sexa, non acumularán remuneracións agás que o cargo implique desenvolvemento de tarefas adicionais ou asunción de novas responsabilidades. Quedan tamén excluídas desta limitación as dietas e gastos de natureza compensatoria ou de indemnización que poidan corresponder de acordo coa normativa de aplicación.

3.3 Fixación e xustificación das retribucións

No caso de postos remunerados cuxo salario non veña predeterminado legalmente, sexan de adicación exclusiva ou non, as retribucións fixaranse en función do nivel de competencia e adicación, tomando como referencia a renda per capita media da comunidade e cos límites establecidos na Carta Financeira, asegurando que a asignación económica lles permita cumprir de xeito eficaz e digna a súa función.

Contemplanse o dereito a percibir axudas para sufragar os gastos que sexan indispensables para o cumprimento da función encomendada, sempre que se xustifiquen adecuadamente.

3.4 Renuncia a privilexios, agasallos e tratos de favor

En todo caso renunciarase a privilexios, agasallos e tratos de favor, incluído o aforamento ou calquera outro privilexio procesal.

Os cargos electos e altos cargos renunciarán, expresamente, a aquelas retribucións ou prestacións complementarias que, con posterioridade ao seu cese, poidan derivarse do desempeño de tales postos, sen perxuízo de que podan percibir as remuneracións que se estipulen legalmente no exercicio das funcións institucionais, protocolarias e consultivas vinculadas ao seu cargo, retribucións que poderán ser limitadas na Carta Financeira da organización.

Os nosos cargos electos, persoal contratado e de confianza, renunciarán á recepción de obsequios ou privilexios materiais coa excepción daqueles que cumpran unha función puramente protocolaria. A aceptación de agasallos persoais, tratos de favor e o consentimento de privilexios sociais, poderá ser motivo de revogación.

A devolución de agasallos non protocolarios á súa procedencia quedará debidamente acreditada no rexistro correspondente e farase pública, de acordo co procedemento e prazos do código ético e de transparencia, no marco da lexislación vixente.

3.5 Límite do mandato

O mandato límitase a oito anos ou ao equivalente a dúas lexislaturas completas, tanto alternas como consecutivas. Non debe ser ampliable.

3.6 Supostos de renuncia ou dimisión das persoas electas, de confianza e persoal directivo

As persoas electas, así coma o persoal de confianza e os altos cargos, non disporán nin terán disposto, en ningún caso, de contas bancarias ou intereses económicos en paraísos fiscais, circunstancia que será motivo de renuncia ao cargo.

Deben renunciar de forma inmediata de todos os cargos as persoas contra as que se dite auto de apertura de xuízo oral, no caso de feitos delituosos relacionados coa corrupción, prevaricación, tráfico de influencias, enriquecemento inxusto con recursos públicos ou privados, suborno, malversación e apropiación de fondos públicos.

En análogas circunstancias renunciarán, no caso de feitos delictivos de racismo, xenofobia, violencia de xénero, homofobia ou outros delitos contra os Dereitos Humanos ou os dereitos das persoas traballadoras.

Non será causa de dimisión ou cesamento a investigación nin a imputación formal que resulte dunha actuación política expresa e previamente autorizada polo grupo; tampouco as investigacións ou imputacións formais nos actos de insubmisión política contra os recortes sociais.

3.7 Control do absentismo ou abandono das obrigas do cargo

Estableceranse mecanismos e protocolos internos que regulen as obrigas de cada cargo, ferramentas que quedarán reflectidas no futuro Regulamento da organización.

É o Comité Ético e de Garantías o órgano, a instancia de parte, ao que lle corresponde actuar nos casos de absentismo laboral e desleixo de funcións, dacordo co Regulamento interno da organización e segundo os mecanismos que se desenvolvan.

3.8 Compromiso coa formación para garantir o cumprimento dos nosos principios e programas

As persoas que representan o proxecto político comprometeranse na formación nos temas que abranguen os nosos principios e programas, nomeadamente nos asuntos estratéxicos, nos eidos territorial, ambiental e social.

Comprometeranse a formarse especificamente nas cuestións relativas á igualdade de xénero e feminización, sustentabilidade e economía social.

A feminización plantéxase como cuestión primordial e transversal na acción parlamentaria e de goberno e atinxe tanto a comprensión do movemento feminista, como a un coñecemento profundo da lexislación vixente.

4. Compromiso coa Igualdade

4.1 Obrigas das nosas representantes para fomentar a igualdade en tódolos ámbitos

As representantes implicaranse en promover a igualdade no exercicio das súas funcións, combatendo calquera forma de racismo, xenofobia ou discriminación por razón de xénero ou orientación sexual, así como en favorecer a participación política das mulleres e das persoas con diversidade cultural, funcional e afectivo sexual.

Calquera manifestación, comportamento ou actitude machista serán motivo de revogación inmediata do posto, tanto dos cargos electos como do persoal de confianza. Provocarán tamén a revogación: manifestacións, comportamentos ou actitudes LGTBfóbicas, racistas ou calquera outra que implique discriminación por razón social ou cultural. Incorporar a perspectiva de xénero na planificación, debate e execución das iniciativas e políticas que desenvolvan no ámbito das súas responsabilidades.

As representantes comprometeranse a outorgar como prioridade máxima na súa actuación a defensa da dignidade das persoas, por diante de calquera outro interese, de acordo cos valores cívicos e democráticos, os Dereitos Humanos e a Cultura da Paz.

As representantes e cargos políticos nas institucións, así como as representantes nos espazos orgánicos, comprometeranse a utilizar unha linguaxe inclusiva en todas as intervencións, escritas e orais.

4.2 Facilitación da participación das mulleres

Consonte ao compromiso coa feminización da política, promoverase que nas candidaturas figuren máis mulleres ca homes. Canto menos, garantiranse listas paritarias en cremalleira.

No exercicio da función pública, goberno e administración, como tamén nos espazos orgánicos, comprometémonos a promover medidas de acción positiva que favorezan a feminización.

Desevolvenanse programas específicos para a participación das mulleres nos diversos espazos de representación política, garantindo a súa presenza, voz e voto.

Facilitarase a conciliación da vida familiar coa participación nos espazos de debate e decisión política, mediante o desenvolvemento de ferramentas telemáticas e coa habilitación de recursos para a atención e os coidados dos cativos e das persoas dependentes.

Fomentarase a aplicación de metodoloxías de participación e o emprego de recursos de facilitación, ferramentas necesarias para garantir a intervención das mulleres no debate político e na toma de decisións.

5. Compromiso coa lingua galega

O galego é o idioma propio do país, expresión da nosa identidade como pobo. Como tal, a nosa lingua será a protagonista en tódolos ámbitos.

Os cargos electos responsabilizaranse de coñecer a lingua galega e comprometeranse a empregala de maneira exclusiva, tanto oral como escrita, nas súas intervencións públicas, sexa a nivel institucional como nos espazos orgánicos.

En cumprimento dos principios básicos, os representantes políticos comprometeranse ao fomento da nosa lingua e da nosa cultura no desenvolvemento do programa político no que atinxe ás políticas relacionadas coa comunicación, a cultura e o ensino.

Asemade, garantirase o desenvolvemento e cumprimento da lexislación vixente no que atinxe ao emprego da nosa lingua no ámbito institucional e nos procedementos administrativos.

6. Compromiso coa natureza

Os cargos electos, así coma o persoal de confianza e os altos cargos comprometeranse a promover o uso sustentábel dos recursos naturais e o aforro enerxético no exercicio das súas funcións.

As representantes do proxecto político, a nivel institucional e orgánico, como referentes da opinión pública, manterán un comportamento activista no fomento da biodiversidade e na loita contra todo tipo de maltrato animal, consonte aos principios básicos.

As representantes electas e cargos políticos defenderán o compromiso de non empregar recursos públicos no fomento e desenvolvemento de espectáculos nos que se instrumentalicen animais.

Así mesmo, renunciarán a calquera cargo ou función de representación no caso de ser procesadas por delito ambiental ou contra os dereitos dos animais.

7. Compromiso co coñecemento libre

O compromiso co coñecemento libre abrangue a cultura, o software, a tecnoloxía e os estándares abertos, máis a liberación de datos públicos. Ademais das medidas que se establezan no programa, os cargos electos e persoal de confianza comprometeranse ao fomento das ferramentas que garanten o coñecemento libre no exercicio das súas funcións.

Organización Interna

Marea Constituínte, 30 de xullo, Vigo

3. Organización interna

Este é o documento de **Organización Interna** que foi aprobado na Marea Constituinte do 30 de xullo en Vigo. Foi elaborado a partir do consenso entre as diversas achegas presentadas, e parte da base do traballo das Mareas en Común.

En Marea^[1] constitúese como un proxecto político de adscrición individual, conformado por persoas, con formato legal de partido [instrumental]. Non é polo tanto unha coalición de parte, nin partidarias nin grupais.

a) Participación

– Quen conforma o censo?

O censo de En Marea está conformado por aquelas persoas físicas maiores de 16 anos que manifesten o desexo de participar En Marea, teñan asinados os seus “Principios básicos” e teñan a veciñanza civil galega, as cales terán a consideración de adscritas a En Marea.

– Cales serán os dereitos das persoas inscritas?

A adhesión a En Marea outorgará dereitos políticos plenos para a participación, información e toma de decisións que afecten ao proxecto de confluencia.

Así, serán dereitos das persoas adscritas os seguintes:

1. Participar, con potestade propositiva, voz e voto, nos debates, deliberación e na adopción de acordos que sexan suscitados no interior das estruturas de En Marea, nomeadamente no Plenario da Marea.
2. Ser consultado e poder promover consulta mediante referendo para as decisións de maior transcendencia que deban de ser adoptadas por En Marea.
3. Elixir e ser elixido/a para os órganos internos de En Marea , para as candidaturas electorais e para os cargos de representación pública de En Marea.
4. Recibir información con regularidade de canta decisión sexa adoptada polos órganos e grupos institucionais, da súa composición, das súas actividades e da súa situación económica.

– Cales serán as súas obrigas?

A adhesión aos “Principios básicos”, o cumprimento dos valores éticos, políticos, ideolóxicos e programáticos que constitúen o substrato do proxecto de En Marea.

Por tanto, a condición de adscrito/a, e por ende, a participación En Marea, é incompatible con calquera actuación xenófoba, racista, patriarcal, LGTBfóbica, ou calquera outra expresión de

desprezo aos dereitos humanos ou que implique unha discriminación en base ao recollido nos principios básicos, ou un comportamento incompatible co Código Ético de En Marea.

– Réxime de incompatibilidades.

Ningunha.

– Outras formas diferentes de adherirse e inscribirse.

A adhesión poderá formalizarse tanto telemática coma de xeito presencial. Estableceranse fórmulas para a adhesión e apoio ao proxecto por parte de entidades colectivas (candidaturas municipalistas, forzas políticas, colectivos sociais, etc.).

– Que mecanismos se toman para facilitar a conciliación?

Para favorecer unha participación compatible co desenvolvemento persoal e familiar, facilitarase o uso de ferramentas telemáticas, e nos eventos presenciais teranse en conta os horarios e formatos máis acaídos para a conciliación. Habilitaranse espazos para crianzas e, en xeral, porase o coidado das persoas nun primeiro plano, tamén facilitando os distintos procesos.

Nos eventos presenciais tamén se observará que non existan obstáculos para as persoas con discapacidades físicas ou sensoriais.

b) Soberanía cidadá. Sufraxio universal

– En que situación se farán consultas?

Serán sometidas a consulta do conxunto do censo de adscritos aquelas decisións de carácter estratéxico que comprometan o horizonte político e social de En Marea, como pode ser a confección das listas electorais a través de eleccións primarias, a proposta marco programática e os pactos de goberno ou de lexislatura. Promoverase que outro tipo de decisións que pola súa transcendencia e impacto político, social ou económico poidan ser sometidas tamén a consulta das e dos adscritos.

– Que órgano propondrá esas consultas?

O Consello da Marea ou o propio Plenario de En Marea estarán facultados para a convocatoria de consultas na forma e contido que así determinen. Habilitarase tamén a posibilidade de realizar consultas a iniciativa das adscritas por solicitude avalada por unha porcentaxe do censo a definir non inferior ao 10%.

– Quen pode participar?

Todas as persoas inscritas poderán participar nas consultas, no tempo e forma que se estableza.

– Que sistema de validación terán?

Estableceranse sistemas de validación para acreditar a nacemento ou residencia en Galicia mediante a solicitude dos documentos que se estimen pertinentes en cada convocatoria. As consultas poderán ser desenvolvidas a través dun sistema mixto, telemático e presencial (telemático asistido), e verificado a través de sistemas de validación contrastados.

No voto presencial contarase ca participación de persoas apoderadas e/ou interventoras que garantan o bo decurso do procedemento.

Elixirase en cada consulta unha Xunta Electoral que velará pola integridade do proceso de consulta e validará os seus resultados.

– As decisións das consultas serán vinculantes?

Si, o resultado dos procesos de consulta e referendo ás adscritas serán considerados acordo firme a aplicar polos órganos políticos de En Marea e polas/os cargos e grupos de representación institucional. Tamén poderán, desenvolverse outros mecanismos de participación das persoas inscritas, coma procesos deliberativos.

– Que grupo ou órgano organizará estas consultas?

O Consello da Marea será a encargada de garantir o desenvolvemento e condicións loxísticas e materiais das consultas, para o que poderá servirse da colaboración de grupos de traballo. A Xunta Electoral que en cada caso se elixa, deberá seguir os principios de paridade, equilibrio territorial e pluralidade, garantirá os principios de publicidade e igualdade no proceso.

c) Asemblea

O Espazo de Confluencia é unha organización asemblearista, que conxugará a asemblea presencial (Plenario) e a asemblea virtual (Rede) como consulta telemática por sufraxio universal a todos os seus membros.

– Terá En Marea un Plenario?

Si.

– En caso afirmativo, como será a súa composición?

Estará composto por todas aquelas persoas adscritas a En Marea que asistan ás súas convocatorias.

– Cales serán as súas funcións?

O plenario terá dúas modalidades de convocatoria con peculiaridades distintas pero as mesmas competencias:

a) *Convocatorias de planificación:* Constituiranse como o espazo para a planificación das liñas estratéxicas que deba de adoptar En Marea, a rendición de contas sobre a súa actividade política

e institucional e o desenvolvemento e/ou reforma da súa estrutura orgánica, e de ser o caso, para referendo das mesmas. No concreto serán obxectivos e funcións das convocatorias de planificación:

- Debate e reflexión sobre os principios de actividade política xeral da candidatura e o programa de acción anual.
- Balance da actividade institucional e do estado de aplicación do programa político da candidatura.
- Apertura do proceso e proposta das persoas integrantes da comisión de coordinación. Elaboración e reforma, de ser preciso, da proposta de regulamento de funcionamento de En Marea.
- Promover consultas ao conxunto de persoas inscritas

Deberán, polo tanto, constituirse como unha ferramenta onde referendar, afondar e ampliar a alianza política, social e cidadá que da orixe á candidatura. Un espazo que debe de integrar a todas aquelas candidaturas municipalistas, forzas políticas, colectivos sociais e sindicais, e a cidadanía que apostaron polo proxecto buscando fortalecer os vínculos da unidade e sumar novos axentes.

b) Convocatorias de seguimento: Exercerán como instrumento de seguimento periódico da actividade de En Marea, ante a cal os cargos públicos e a coordinadora darán parte do seu traballo, así como de reflexión e proposta sobre cuestións de índole táctico para o seu traslado á coordinadora e, se fose o caso, para referendo cidadá.

– Qué competencias terá para exercer tales funcións?

Aprobar a normativa interna de En Marea, constituír equipos e comisións de traballo, nomear e separar as persoas con responsabilidades orgánicas nos mesmos, e tomar todas aquelas decisións políticas que non teñan a consideración de estratéxicas. As súas competencias serán concretadas e desenvolvidas a través dun regulamento de funcionamento de En Marea.

– Cal será o seu funcionamento interno?

O funcionamento será mediante metodoloxías que promovan a maior participación das inscritas, o debate previo e informado, a construción de sínteses entre posicións diversas e á vinculación co entorno activista e cidadá que conforma a base social da candidatura, en claves de democracia horizontal. Débense configurar tamén coma espazos de traballo para o fortalecemento político de En Marea, a consolidación do espazo institucional acadado e a cohesión do proxecto político, nunca coma espazos para a colisión e competición entre os axentes integrantes de En Marea. Neste senso, serán unha prioridade os coidados ás persoas que participan do espazo.

– Cómo tomará as súas decisións?

As decisións deben ser produto do debate e da escoita activa, e polo tanto procurárase sempre un consenso o máis amplo posible, tentando incorporar todas as posturas de xeito que non haxa oposición á decisión. Cando isto non fose posible tomaranse as decisións por consenso de calidade, entendéndoo como aquel no que non se opoñan 1/3 dos presentes. En caso de

atoparse cunha extraordinaria e urxente necesidade de tomar unha decisión, cuestión que será dirimida por maioría simple, establecerase o seguinte procedemento:

- Consenso
- 75%
- 2/3
- Maioría simple

Os acordos de carácter estratéxico quedan fora deste procedemento, xa que deben ser sometidos a validación e/ou ratificación do conxunto das persoas adscritas (Votación Telemática).

– Cal será o seu réxime de sesións dos Plenarios (reunión presencial da asemblea)?

O Plenario da Marea (nome que se propón para o órgano), reuniráse semestralmente con carácter ordinario. Poderá reunirse tamén de xeito extraordinario sempre que así o soliciten un 10% do Plenario ou 1/3 do Consello da Marea. Esta solicitude de convocatoria deberá ir acompañada dunha orde do día e, de cumprírense estes requisitos, debe ser convocado para unha data non máis alá dun mes dende a presentación da solicitude ao Consello.

– Cómo se extinguirá?

Só por decisión propia refrendada polo censo de En Marea.

d) Consello da Marea

– Queremos que haxa Consello da Marea?

Sí.

– Que funcións terá o Consello da Marea de En Marea?

Facilitar a comunicación entre os distintos axentes que conforman En Marea e coordinar as súas accións e manter a interlocución cos grupos institucionais.

O Plenario da Marea ostenta con carácter ordinario a dirección política. O Consello da Marea exercerá esta dirección política por delegación do Plenario, no período que vai entre plenarios.

- Coordinar os Grupos de Traballo e Comisións que se creen e exercer aquelas competencias que lle sexan delegadas por mandato do Plenario.
- Orientar a actividade política dos grupos institucionais de acordo aos principios e programa da candidatura resolvendo canta controversia poda xurdir na acción política e institucional de En Marea.
- Garantir a cohesión e funcionamento integral das diferentes partes que compoñen En Marea (grupos institucionais, voceiras e grupos de traballo).
- Exercer a representación pública da confluencia, diferenciada polo tanto das voceiras dos grupos institucionais, e representativa do conxunto do espazo.

- Dirixir a política de administración e distribución dos recursos materiais, económico-financeiros e o persoal dos grupos institucionais segundo os acordos de constitución de En Marea.
- De xeito transparente, incluíndo un balance de ingresos e gastos detallado nos informes que esta comisión presente no plenario

– De que competencias gozará para exercer tales funcións?

As súas competencias serán de coordinación. Recibirá e transmitirá información entre os distintos órganos internos de En Marea e asumirá a súa voz nos espazos entre plenarios. Manterá unha interlocución fluída cos Grupos Institucionais, aos que trasladará os acordos do Plenario, o resultado das consultas realizadas ás adscritas, e as propostas das comisións e grupos de traballo, e do que recibirá as informacións pertinentes ao traballo parlamentario e, no seu caso, de goberno. Achegará contidos ao plenario, coordinando a acción dos outros grupos.

A actividade do Consello da Marea non substituirá a obriga de dar contas dos grupos institucionais, parlamentares e de Goberno ante o órgano Plenario da confluencia. As súas competencias serán concretas e desenvolvidas a través dun regulamento de funcionamento posterior.

– Cómo será o seu funcionamento interno?

O seu funcionamento interno será colexiado e democrático, primando os principios de consenso, transparencia e cohesión na acción externa. O Plenario aprobará un regulamento que desenvolva o método de funcionamento interno da coordinadora (régime de convocatorias, quórum, procedementos de votación, etc.) nun prazo menor de tres meses dende a súa constitución.

– Ante quen renderá contas?

Ante o Plenario e ante o conxunto das persoas inscritas.

– Como e cada canto tempo renderá contas?

Emitirá un informe de xestión con carácter previo a cada convocatoria do Plenario, e unha memoria anual que será remitida as persoas inscritas para a súa validación.

– Como será o procedemento de elección do Consello da Marea?

A elección do Consello da Marea realizarase por decisión das persoas inscritas a través dun mecanismo electoral que garanta a pluralidade, a paridade de xénero e o equilibrio territorial. O procedemento concreto deste mecanismo será desenvolvido polo Plenario. [2]

– De cantas persoas estará composta?

O Consello da Marea, composto por 35 persoas, elixirá de entre os seus membros unha Coordinadora, composta por 11 persoas. Esta coordinadora terá a competencia para executar as decisións do Consello da Marea e do Plenario, así como para as cuestións operativas que non

podan agardar a unha reunión do Consello. Calquera decisión que supere o ámbito da execución de acordos de outros órganos deberá ser ratificada na seguinte reunión do Consello ou, no seu caso, do Plenario.

– Canto dura o seu mandato?

2 anos

– Como se cubrirían eventuais baixas?

Cando se produza unha baixa, a persoa saínte será substituída pola seguinte na lista segundo os resultados electorais que manteña os valores do proceso: pluralidade, equilibrio territorial e paridade de xénero.

– Que incompatibilidades terían os seus membros?

Serán incompatibles en todo caso para integrarse neste órgano, as persoas que integren a Comisión de Garantías e a militancia de partidos que non participen En Marea.

A pertenza a esta comisión tamén é incompatible co desempeño de cargos de alta responsabilidade, como voceirías e secretarías xerais a nivel nacional ou provincial nas organizacións políticas e sindicais, nas condicións estipuladas no Código Ético. A norma xeral de aplicación será a de unha persoa, un cargo.

Os grupos institucionais serán membros natos desta Comisión pero as persoas que os representen poderán variar.

– Poderían repetirse mandatos? Cantos? Cómo?

Si, dous consecutivos e sen límite se son alternos.

– Cales son as causas de separación de Comisión de coordinación?

Serás causas de baixa da Comisión de coordinación as seguintes:

- Renuncia
- Revogación: Previa solicitude dun 10% do Plenario ou por maioría cualificada dos membros da Comisión de coordinación poderá someterse a consideración do conxunto do censo de adscritos a posibilidade de revogación por perda de confianza de algún das e dos seus membros.

– Como tomará as súas decisións?

As decisións deben ser produto do debate e da escoita activa, e polo tanto procurarase sempre un consenso o máis amplo posible, tentando incorporar todas as posturas cando fose posible para que ninguén se opoña a unha decisión. Cando isto non fose posible tomaranse as decisións por consenso de calidade, entendéndoo como aquel no que non se opoñan 1/3 dos presentes.

En caso de atoparse cunha extraordinaria e urxente necesidade de tomar unha decisión, cuestión que será dirimida por maioría simple, establecerase o seguinte procedemento:

- Consenso
- 75%
- 2/3
- Maioría simple

– Cal será o seu réxime de sesións?

A Comisión de coordinación terá autonomía para determinar o seu réxime de sesións e o seu carácter, sexa presencial ou telemático.

– Haberá voceiras desta Comisión?

Si.

– Como se vinculan?

As voceirías serán pluripersoais, rotatorias e paritarias.

– Haberá e como se define a interacción deste grupo co resto dos grupos e, no seu caso, co grupo institucional?

A Comisión de Coordinación é o órgano permanente de coordinación do proceso. O seu traballo consiste en axudar a manter canles de comunicación fluídos entre os Grupos de Traballo entre si e cos Grupos institucionais, e velar pola integridade do proceso de confluencia tanto dentro como fora das institucións nos períodos entre plenarios. As relacións deste órgano cos demais serán de coordinación e dirección política, mais en ningún caso terán carácter xerárquico.

e) Estrutura territorial

– Terá En Marea unha estrutura territorial?

Si, comarcal, local e no ámbito das distintas circunscricións electorais.

– En caso afirmativo, como será esta estrutura?

Os niveis de decisión político serán o local e o nacional. Poderán conformarse espazos comarcais e excepcionalmente provincial e de partido xudicial. Estimularase e favorecerase a creación de redes autónomas e autoxestionadas polos propios procesos municipalistas, como estes estimen oportuno, a nivel comarcal e provincial. Coa finalidade de dar resposta ás necesidades comúns da veciñanza da bisbarra, como un espazo onde poidamos poñer en común o traballo a nivel institucional, social e de intercambio de información entre os municipios, e tamén como lugar onde artellar as solucións para aquelas necesidades que superen o eido municipal, pois existen interconexións sociais, económicas e territoriais entre os concellos.

En caso de contradicións entre posicionamentos que afectan a ámbitos supramunicipais correspondera ao ámbito nacional a súa mediación inicial e en última instancia a súa resolución.

A estrutura territorial adaptarase á realidade galega, e tratarase dunha rede de colaboración permanente entre os distintos axentes do cambio, nas diferentes escalas, podendo coexistir órganos territoriais a nivel de comarca, localidade, ría, rexión urbana, etc. En ningún caso, as Mareas Locais perderán autonomía no seu ámbito de actuación.

O nivel local estará formado polas persoas adheridas a En Marea a nivel do concello. O espazo local terá plena autonomía de actuación sen que sexa posíbel ningún tipo de inxerencia comarcal, supracomarcal ou nacional na súa xestión. As candidaturas municipalistas poderán manter a súa autonomía ao marxe deste nivel de organización local sempre que o decidan. A decisión correspóndelle unicamente a elas.

O nivel comarcal terá en conta a realidade galega e, por norma xeral, respectará as comarcas históricas do noso país.

O nivel de partido xudicial e provincial activaranse excepcionalmente e serán o ámbito de decisión para estipular a forma de escolla de deputadas provinciais de ser o caso e o provincial a forma de escolla de deputadas para as eleccións galegas e estatais.

En calquera caso o espazo, poderá e deberá, articular ferramentas que acheguen a actividade institucional e o traballo no espazo ás realidades máis concretas de vida e activismo da cidadanía artellando encontros, mesas de traballo e outra serie de fórmulas para a rendición de contas e a ligazón co entorno social e veciñal.

– Cales serán as súas funcións?

Establecer canles fluídas de comunicación entre os distintos axentes do cambio espallados polo territorio e xerar dinámicas de cooperación a nivel local e comarcal, coordinar políticas no seu ámbito de actuación e superar aos localismos.

Recoller, debater e comunicar tódalas propostas da comarca ou área de influencia, de facer cuestións para o seu tratamento en Plenario. Será un punto de conexión, comunicación e de referencia para as distintas asociacións, asembleas,... con ideas comúns e que estean dentro do seu ámbito.

– Que competencias terán para exercer tales funcións?

Poderán facer propostas, demandar información e rendicións de contas, organizar actos, partillar coñecementos, xerar canles de cooperación de todo tipo, e establecer asembleas permanentes nas súas respectivas áreas de influencia, tendo completa autonomía respecto da súa convocatoria, réxime de sesións, levantamento e difusión de actas, etc... Así mesmo terán a mesma consideración que os grupos de traballo á hora de elaborar propostas.

Serán as encargadas de organizar e distribuír as mesas electorais nos procesos internos de En Marea.

No ámbito local terán plena capacidade de decisión no ámbito do seu concello sen inxerencia de ningunha outra estrutura comarcal ou nacional.

– Cal será o seu funcionamento interno?

As redes territoriais terán autonomía para desenvolver e regulamentar o seu funcionamento interno.

– Ante quen renderán contas as estruturas territoriais?

Ante os inscritos de En Marea no seu ámbito territorial.

– Como tomarán as súas decisións?

As decisións deben ser produto do debate e da escoita activa, e polo tanto procurarase sempre un consenso o máis amplo posible, tentando incorporar todas as posturas cando fose posible para que ninguén se opoña a unha decisión. Cando isto non fose posible tomaranse as decisións por consenso de calidade, entendéndoo como aquel no que non se opoñan 1/3 dos presentes. En caso de atoparse cunha extraordinaria e urxente necesidade de tomar unha decisión, cuestión que será dirimida por maioría simple, establecerase o seguinte procedemento:

- Consenso
- 75%
- 2/3
- Maioría simple

– Cal será o seu réxime de sesións?

As redes territoriais terán total autonomía para desenvolver e regulamentar o seu réxime de sesións.

– Cómo se extinguirán?

As estruturas territoriais non se extinguirán salvo petición os inscritos en En Marea no seu ámbito territorial.

– Como cesarán as persoas nas súas funcións nestas estruturas?

As redes territoriais terán total autonomía para desenvolver e regulamentar o seu réxime interno.

f) Estrutura sectorial

– Terá En Marea unha estrutura funcional?

Si.

– En caso afirmativo, como estará composta esta estrutura?

Aquelas persoas que desexen crear unha Comisión ou Grupo de Traballo específica que estea vencellada a colectivos sociais concretos poderán propoñelo ao Plenario para a súa constitución. Esta estrutura terá dous tipos de entidade, os Grupos de Traballo Funcionais e as Comisións de Traballo sectoriais. Os funcionais serán aqueles grupos que fagan o traballo “de servizo” do proceso, coma pode ser a coordinación ou a comunicación. As sectoriais serán aquelas que traballen temáticas concretas coma pode ser a pesca ou a gandaría.

– Cales serán as súas funcións?

As Comisións de Traballo Sectoriais terán como función dar apoio específico á labor dos grupos institucionais na elaboración de iniciativas e vertebrar as relacións deste coa sociedade civil e o tecido social organizado. Tamén recoller, debater e comunicar tódalas propostas referentes ao sector para o seu tratamento en Plenario. Serán un punto de conexión, comunicación e de referencia para as distintas asociacións, agrupacións e persoas,... con ideas comúns e q estean dentro do seu ámbito.

No caso dos Grupos de Traballo Funcionais, cumprir as encomendas que lles asigne o Plenario.

– Que competencias terá para exercer tales funcións?

As Comisións de Traballo Sectorial son grupos de reflexión e elaboración política en estreito contacto coa coordinadora e o grupo institucional. As competencias concretas serán desenvolvidas por acordo da primeira en función das necesidades concretas que teña a candidatura. Poderán facer propostas ao plenario, demandar información e rendicións de contas no seu ámbito de traballo, organizar actos, partillar coñecementos e establecer canles de cooperación de todo tipo.

Os Grupos de Traballo Funcionais terán as competencias que lles asigne o Plenario para poder exercer a súa función.

– Cal será o seu funcionamento interno?

O funcionamento estará guiado polos principios de cooperación, consenso, publicidade e tenderán a autorregulación interna. Habilitaranse ferramentas para que poidan desenvolver as súas tarefas tanto de xeito presencial como por vía telemática.

– Ante quen renderán contas as estruturas funcionais?

O Consello da Marea será a encargada de coordinar o funcionamento normalizado das Comisións de traballo sectorial, e establecer mecanismos de enlace co grupo institucional. Publicitarase a súa actividade (actas, iniciativas, etc.) ante o conxunto do corpo de adscritos e os seus traballos quedarán reflectidos nos informes do Consello da Marea ao Plenario. Darán contas do seu traballo tamén ante as organizacións sectoriais cas que traballen, a fin de establecer canles de confianza mutua que favorezan unha cooperación frutífera.

Os Grupos de traballo funcionais renderán contas ante o Consello da Marea e ante o Plenario.

– **Cómo tomarán as súas decisións?**

Democraticamente. Serán deliberativos e as decisións tomaranse por consenso. De non ser posíbel presentaranse as diversas propostas alternativas.

– **Cal será o seu réxime de sesións?**

Terán autonomía para definir o seu réxime de sesións.

– **Como se extinguirán?**

Por vontade propia, ou por acordo do Plenario a petición do Consello da Marea.

– **Como cesarán as persoas nas súas funcións nestas estruturas?**

Por vontade propia ou por perda da confianza do grupo. Sería recomendable que as funcións nestes grupos fosen rotatorias.

g) Voceiras

– **Terá En Marea voceirías á marxe dos órganos anteriores?**

As voceirías de En Marea non existirán á marxe dos órganos anteriores, pero existirán dentro deles. A voceiría de En Marea no seu conxunto recaerá exclusivamente no Consello da Marea e nos membros desta que sexan designados/as, sen menoscabo das voceirías que os diferentes grupos institucionais poidan asignar.

As comisións de traballo sectorial, grupos de traballo funcional e redes territoriais poderán designar por consenso voceirías de vixencia anual no ámbito da súa competencia, que serán colectivas e con paridade de xénero.

– **Como se escollerían?**

Igual que calquera órgano de En Marea.

– **Serían unipersoais ou pluripersoais?**

Pluripersoais preferentemente.

– **Como sería o seu réxime de funcionamento?**

Preferentemente rotatorio, e con paridade de xénero.

– **Cantas voceirías habería?**

Unha voceiría colexiada por órgano.

– **Canto tempo duraría o seu mandato?**

Segundo determine o órgano ao que da voz

– Ante quen renderían contas?

Ante o órgano que as elixiu.

– Cómo se cubrirían eventuais baixas?

Do mesmo xeito que se constituíron inicialmente.

– Qué incompatibilidades terían?

Ningunha.

– Poderían repetirse mandatos?

Dous consecutivos, sen límite para alternos.

– Como cesarían as persoas na súa condición de voceiras?

Por vontade propia, por perda da confianza do grupo ou por incumprimento do código ético ou calquera outra causa suficiente para instar un revogatorio.

h) Outros órganos

– Terá En Marea estruturas efémeras cun fin determinado?

Si.

– En caso afirmativo, como se constituirían?

Por acordo do Plenario ou do Consello da Marea, ben motu proprio, ben a instancia dunha comisión ou grupo de traballo, ou un grupo de persoas inscritas que así o soliciten.

– Cal será o seu funcionamento interno?

O funcionamento estará guiado polos principios de cooperación, consenso, publicidade e tenderán a autorregulación interna. Habilitaranse ferramentas para que poidan desenvolver as súas tarefas tanto de xeito presencial como por vía telemática.

– Ante quen renderán contas?

O Consello da Marea será a encargada de coordinar o funcionamento normalizado destes grupos, e establecer mecanismos de enlace co grupo institucional. Publicitarase o resultado da súa actividade (actas, iniciativas, etc.) ante o conxunto do corpo de adscritos e os seus traballos quedarán reflectidos nos informes do Consello da Marea ao Plenario.

– Como tomarán as súas decisións?

Democráticamente. Serán deliberativos e as decisións tomaranse por consenso. De non ser posíbel presentaranse as diversas propostas alternativas.

– Cal será o seu réxime de sesións?

Serán autónomas no seu réxime de sesións e funcionamento.

– Como se extinguirán?

Por acordo do grupo, por perda da confianza do órgano que a creou, ou por cumprimento da súa finalidade.

– Como cesarán as persoas nas súas funcións nestas estruturas?

Por vontade propia ou por perda da confianza do grupo. Sería recomendable que as funcións nestes grupos fosen rotatorias.

i) Transparencia

– Debería existir unha comisión de ética e garantías?

Si.

– Debería existir un réxime de incompatibilidades?

Si, como réxime xeral, ningunha persoa poderá pertencer a máis de dous grupos ou comisións de traballo simultaneamente, as Comisións efémeras non se incluírán neste cómputo. Haberá órganos que poidan implicar incompatibilidades máis estritas a fin de evitar duplicidades de cargos.

– En caso afirmativo, quen e como o constituiría?

A Comisión de Garantías sería un órgano colexiado composto por cinco persoas elixidas polo Plenario para un mandato de tres anos seguindo o criterio de paridade de xénero. Terán incompatibilidades absolutas e non poderán repetir mandato. O Plenario poderá revogar a algunha destas persoas por perda da confianza nela. En ningún caso actuarán de oficio, senón a instancia de parte. Será o garante e o intérprete da normativa interna e dos acordos plenarios. Os seu réxime xurídico deberá desenvolverse nunha normativa específica.

[1] *Será a Marea Constituínte quen determine a denominación final do proxecto político*

[2] *Este documento de consenso non contempla ningunha formula para a elección da primeira Comisión Coordinadora de En Marea. Correspóndelle á xestora facer unha proposta atendendo aos principios de participación de todas as persoas inscritas, pluralidade, paridade de xenero e equilibrio territorial.*

Documentos Políticos

Plenario de Compostela, 17 de decembro

Documentos políticos

Documento político plenario Compostela (aprobado no plenario do 17 de decembro de 2016)

DOCUMENTO POLÍTICO DE EN MAREA

Plenario, 17 de decembro de 2016

1. Reforzar En Marea como suxeito político.

En Marea é un proxecto político galego de Unidade Popular onde participan cidadáns e cidadás, activistas para o cambio social, a título individual tendo como único compromiso a xustiza e os dereitos das persoas e como única lealdade as ansias de liberdade do noso pobo.

En tanto espazo de encontro para un suxeito político de ruptura plural no que participan organizacións políticas, agrupamentos sociais, colectivos que operan na sociedade civil e mareas municipalistas, xunto con cidadanía do común non organizada politicamente, debe harmonizar dita pluralidade coa necesaria construción do proxecto do común. Nese senso os partidos e organizacións deben participar da Marea, máis deben ceder a súa soberanía a En Marea naqueles aspectos que teñen que ver coa intervención política propia da Marea (nomeadamente política institucional e acción parlamentaria). Todas debemos aprender a construír unha cultura democrática e de cooperación onde as lexitimas diferenzas non impidan buscar as sínteses necesarias.

Segundo os acordos da Asemblea Constituínte de Vigo do 30 de xullo de 2016 En Marea constitúese como un proxecto político de adscrición individual, conformado por persoas, con formato legal de partido. Non é polo tanto unha coalición de parte, nin partidarias nin grupais.

En Marea vai sendo o resultado dun proceso de unidade popular e confluencia, de acumulación de formas diversas, en que a cidadanía do común toma a iniciativa e as organizacións contribúen, como motores auxiliares, a darlle continuidade e consistencia. Pero as organizacións como tales xa non son En Marea; o seu labor consiste en ofrecer as súas experiencias militantes para a construción do suxeito novo.

Organizativamente, En Marea é o encontro entre o mundo que provén da participación política e o que se constrúe desde o 15M e outros procesos de encontro popular e asembleario, pasando polas mareas municipais e outras iniciativas globais ou sectoriais.

En Marea non é, pois, o simple resultado da suma das partes, senón un espazo político novo de ámbito galego, con axenda e proxecto estratéxico propio, que actuará con autonomía respecto ás organizacións e colectivos que o conforman na actualidade e aos que se sumaren no futuro.

A autonomía de En Marea reflectirase na súa práctica política, no sometemento das e dos seus cargos institucionais e orgánicos ás decisións tomadas no seu seo, así como nos acordos adoptados en calquera ámbito institucional nacional, estatal ou internacional en que estea presente.

En Marea é un suxeito popular, democrático, radical, laico, republicano e de ruptura.

2. Erosionar o dominio conservador e crear condicións para o cambio político.

O relato que conduce a En Marea é un relato de impugnacións. No plano político, arrinca en outubro de 2012, continúa nos procesos populares que dan lugar ás alcaldías rebeldes e ás mareas municipais en 2015 e chega ata nós. Mais no plano social é moito máis complexo e vén de moito antes: desde o Nunca Máis, pasando por todas as mobilizacións sociais, políticas e de defensa dos dereitos colectivos e de sectores vitais, o 15M, etc. De principio a fin, paso tras paso, é un movemento que se xesta na impugnación. Impugnación da base material sobre a que se edifica o sistema; impugnación do sentido común do réxime e do sistema; impugnación da representación política entendida como unha entrega sen condicións da capacidade política e de decisión da maioría social.

En Marea é pois un instrumento de impugnación do existente e, como tal, de proxección dun tempo novo.

Ese historial de impugnación sistemática condúcenos a entender En Marea en clave de instrumento para a creba democrática mediante procesos de acumulación de forzas, de unidade popular, de converxencia, de autoorganización e democracia radical, de movemento político e social que traspasa os límites das institucións do réxime, que proxecta converter a sociedade civil en escenario de emancipación e de construción dunha república de homes e mulleres libres e iguais.

En Marea é, por todo iso, un suxeito que non se somete de ningunha maneira á normalización política nin á homologación coas forzas do réxime.

3. Construír En Marea como alternativa de goberno na oposición, sostendo a axenda institucional coa axenda da cidadanía.

O proceso de construción do suxeito de ruptura ten moito de experimentación creativa: seguimos intentando organizar un movemento social e político que non acabe recluído en vellas concepcións do instrumento partido. Esa experimentación creativa esixe que todas as posibilidades estean en gran medida abertas.

En Marea, ademais de buscar a maior das eficacias posibles como instrumento político, debe comprometerse a funcionar como un reflexo da sociedade a que aspiramos. Nese sentido, a democracia radical, a participación en pé de igualdade, a liberdade de discrepancia, a cooperación, a diversidade, etc., son elementos identificativos.

En Marea ofrécese como instrumento dinamizador e enriquecedor da capacidade transformadora do pobo traballador galego no seu conxunto. Os cambios e transformacións que nos vindeiros anos formos capaces de levar á práctica dependerán, en primeiro termo, da capacidade de mobilización e autoorganización do pobo galego, polo que será prioritario para En Marea contribuír ao afortalamiento e autoorganización dos movementos sociais e de clase que actúen, chegado o momento, como verdadeiros motores de políticas

transformadoras e plans estratéxicos para os diferentes sectores que dean solución aos problemas estruturais que no social, no económico, no cultural e no ambiental sofre o noso pobo. Cómpre revertir os mecanismos de confección das alternativas programáticas e a relación xerarquizada entre as organizacións políticas e as sociais inherentes a aquelas, construíndo un programa en base ao diálogo e ao traslado ás institucións daquelas demandas xeradas precisamente entre os movementos sociais que, como Pobo organizado, establecen as propostas sectoriais e territoriais que son quen de armar unha alternativa popular e con arraigo.

Cómpre establecer do mesmo xeito os mecanismos de coordinación acaídos que compaxinen a actividade nas institucións coa presenza nas rúas e a complementariedade necesaria entre as accións institucional e social.

4. O Programa de En Marea

En Marea, como espazo de encontro e de organización para a ruptura democrática e a transformación social, é unha ferramenta de intervención política cuxos principios programáticos aluden á necesidade de:

■ Resistir os ataques terminais do capital contra o traballo que se expresan na destrución das conquistas sociais, laborais e democráticas das clases subalternas.

■ Intervir nas institucións para legislar a favor do mantemento e da ampliación constante de dereitos e conquistas da cidadanía do común. Os dereitos básicos (vivenda, enerxía, unha vida digna, ensino, sanidade, cultura, etc.) como guía de acción inmediata.

■ Intervir na sociedade civil para crear redes de solidariedade e de contrapoder e institucións populares alternativas.

■ Defender en todos os ámbitos o ben común e a propiedade e os intereses do común fronte aos intereses privados e de lucro dunha minoría.

■ Defender unha democracia absoluta, radical, que abra as canles necesarias para que a cidadanía do común decida sobre a totalidade das cousas que nos afectan.

■ Unha democracia política e económica sen restriccións.

■ Unha visión republicana: Liberdade, Igualdade e Fraternidade como programa oposto ao da oligarquía.

■ Defender o dereito a decidir, a decidilo todo, como un dereito fundamental. E decidilo todo implica tanto a toma de decisións respecto ás políticas que afectan directa e indirectamente á vida das persoas coma o propio Dereito de Autodeterminación como pobo.

■ Galiza é o obxectivo político de actuación de En Marea, a construción nacional nun espazo político europeo, o benestar da súa poboación, o desenvolvemento da súa cultura e de todas as súas potencialidades como pobo, coa superación das desigualdades entre as persoas que convivimos nela, solidariamente coas persoas e pobos do mundo.

Destes grandes eixos desprenderanse as bases de actuación no desenvolvemento de En Marea, que serán as seguintes:

- A. Ampliar a democracia desde a sociedade civil e empoderar aos axentes sociais transformadores.
- B. Consolidar o goberno dos concellos rebeldes e promover unha nova vaga de mareas municipalistas.
- C. Desbloquear o autogoberno e recuperar as institucións para poder decidilo todo.
- D. Combater as políticas de austeridade e a consolidación dunha democracia autoritaria. En defensa das liberdades, dereitos e servizos públicos.
- E. En Marea, un instrumento para as políticas de igualdade.
- F. Unha nova política económica, social e solidaria, para o benestar.
- G. Na defensa e desenvolvemento dos bens comúns naturais, sociais e culturais.
- H. Crear sectores económicos públicos que permitan afrontar o poder das grandes empresas que hoxe se impoñen sobre a democracia e a cidadanía. En Marea defenderá a creación dunha Banca Pública Galega que dote de capacidade financeira o Goberno galego e sirva de instrumento dunha política económica ao servizo das necesidades da maioría social. En Marea promoverá a creación dun Grupo Enerxético Galego que actúe como xestor e coordinador da produción e distribución de enerxía; a auga, o vento, o sol, e todas as fontes de enerxía, son pola súa propia natureza comúns e deben xestionarse ao servizo das necesidades da maioría social.
- I. O principal desafío que afrontamos como especie é o impacto da actividade económica humana sobre o planeta: dunha banda o consumo de recursos non renovábeis ou de recursos renovábeis a un ritmo superior ao da súa reprodución; por outra parte a produción de residuos que o medio natural non pode absorber. A manifestación máis dramática deste impacto é a mudanza climática, xa inevitábel. En Marea situará no centro das súas propostas políticas e económicas a organización dun sistema económico compatíbel cos límites do territorio no que vivimos e do planeta Terra.
- K. Combater as estruturas antidemocráticas e neoliberais da Unión Europea. Establecer alianzas estratéxicas coas forzas da esquerda rupturista dos pobos de Europa para a superación do actual marco comunitario.

5. Feminización da política.

A onda de cambio político pasa non só por novos programas e novas políticas públicas que poñan no centro aos sectores subalternos. O cambio pasa tamén polo xeito en que nos organizamos para transformar a realidade. En Marea promoverá, na organización e nas institucións nas que estea representada, mecanismos que faciliten a incorporación das mulleres aos centros de decisión, impulsando a paridade, a transversalización da cuestión de xénero e o emprego de metodoloxías que faciliten a conciliación e a inclusividade.

6. En Marea na formación de alianzas para o cambio.

Consideramos as mareas municipalistas referencias e puntos de encontro, politización e mobilización para a cidadanía de todo o país. A implantación territorial de En Marea debe ser respectuosa con estas plataformas e espazos de confluencia, garantindo a súa autonomía e facilitando a súa creación naquelas localidades onde non estean conformadas aínda.

Ante o momento político histórico e como un paso máis no proceso de unidade popular e cidadá, e desde a conciencia colectiva de Galicia como nación e da cidadanía galega como suxeito político, En Marea comprométese a afondar en todos aqueles mecanismos democráticos para a posta en marcha de procesos constituíntes desde os diferentes niveis institucionais e políticos do Estado.

Para levar a cabo estes obxectivo estratéxicos é imprescindible tecer e afortalar as alianzas cos procesos políticos do conxunto do Estado que partillan os obxectivos de soberanía popular e democrática, de recuperación das institucións para a cidadanía e de democracia económica e social, no marco dunha alianza fraterna da que hoxe son expresión práctica os Grupos Parlamentarios compartidos nas Cortes do Estado.

Desde o respecto á soberanía e aos ritmos de cada proceso, afondaremos na posta en común de estratexias e instrumentos para levalas a cabo.

Comprendemos que estamos nun contexto global marcado pola inxustiza intrínseca do neoliberalismo (nun marco rexido pola desigualdade, os tratados internacionais de saqueo, a crise de refuxio, a emerxencia do fascismo, o cambio climático, etc). Polo tanto non se nos pode escapar que En Marea, ademais de na escala nacional galega, deberá operar e colaborar tamén nunha muda a escala global, xerando ferramentas e mecanismos de acción política cooperativa, produtiva e comunicativa.

Documentos Políticos

Consello das Mareas, 2 de abril de 2017

Documento político do Consello das Mareas (aprobado no Consello das Mareas do 2 de abril de 2017)

Aprobado no Consello das Mareas 2 de abril de 2017

En desenvolvemento da vontade expresada, os Documentos de Vigo e máis do Plenario do 17 de decembro, o Consello das Mareas asume como tarefas prioritarias da súa acción política as seguintes liñas de traballo:

1. A consolidación de En Marea como espazo de unidade popular en Galicia

O primeiro reto de EM é facer real no traballo cotián do espazo político o camiño emprendido organizativamente coa creación da ferramenta política. Esta ferramenta política baséase na adscrición individual, compatible coa militancia nalgún dos partidos políticos que impulsaron a unidade popular, e o respecto á autonomía política das mareas municipais alá onde existan.

Partindo das consideracións anteriores, todo o espazo de confluencia recoñece a utilidade do traballo en común arredor dos valores e principios que nos convocaron a conformar a Marea, *como foi definido na asemblea fundacional de Vigo un partido galego, soberano, de adscrición individual e radicalmente democrático aberto á participación da cidadanía que conforma esa maioría social agredida polas políticas neoliberais que se están a aplicar polo poder.*

Por iso o Consello asume a responsabilidade de crear as condicións para que todas as persoas que conforman o espazo teñan un lugar de encontro onde traballar, territorial e sectorialmente, para desenvolver o discurso e a acción política que nos permita chegar de xeito directo a toda a poboación de Galicia, de forma que podamos ser percibidos como a alternativa política da xente do común, que se ocupa dos seus problemas cotiáns, garante e amplía os seus dereitos civís, sociais e nacionais, e crea expectativas reais de vida mellor no noso País.

2. O desenvolvemento do discurso político do espazo de unidade popular

Unha das tarefas urxentes de EM é desenvolver discurso político propio, coherente co espazo de confluencia. Temos uns principios asentados nos documentos de asembleas e plenarios fundacionais, pero cómpre acadar un discurso integral para o País. O programa electoral foi un punto de partida apropiado para o momento en que se confeccionou, pero agora o tempo político permítenos construír o discurso de xeito integral e plenamente participado, dando conta dos temas que agora se revelan importantes na axenda social e política, en función dos intereses da xente e do ben común que postulamos.

Para cumprir con este desexo, cómpre crear os foros de participación e debate que permitan ir fixando propostas que podan chegar a ser a posición política de EM.

Con este obxectivo:

- O Consello promoverá, sobre os asuntos de carácter político, a creación de grupos de traballo sectoriais, con dinámicas de colaboración telemáticas e presenciais, que permitan estudar e debater as diferentes materias a desenvolver.
- Promoverase que, avanzados os traballos, se leven a cabo xornadas onde se extraian conclusións e posteriormente sexan difundidas en todo o espazo de confluencia, ben mediante documentos ben mediante encontros presenciais.
- No desenvolvemento desas dinámicas terase en conta o traballo feito a nivel municipal e máis o desenvolvido polos grupos sectoriais do grupo parlamentario, que serán integrados, na medida do posible, na dinámica da organización. Promoverase o debate a nivel local daqueles asuntos que atinxan directamente ao ámbito municipal, co fin de que a posición final de EM estea completamente participada polas mareas.

3. O artellamento de formas de participación activa na Marea **

O espazo de confluencia aspira a ser o ámbito normal de traballo político cotián de todas as persoas inscritas en EM, sen prexuízo da actividade que podan manter aquelas que estean inscritas noutras organizacións.

4. O desenvolvemento dunha proposta de articulación territorial e sectorial de En Marea **

Pasado o momento das fases electorais, entendemos que a principal tarefa política nestes intres é a do desenvolvemento de EM como movemento, conectado coa necesidade de abrir unha fase de traballo político de participación popular que empece a darlle corpo a unha organización que sexa quen de construír desde abaixo unha ferramenta de empoderamento cidadán que conquiste a hexemonía política no noso País. En congruencia co principio de adscrición individual, o Consello das Mareas abrirá un proceso de diálogo e participación para a creación das estruturas que permitan a participación política de todas as persoas inscritas en órganos de debate e toma de decisións que socialicen as decisións políticas a nivel nacional e sexan quen de auto-xerar alternativas. Tendo en conta a diversidade na articulación do noso territorio, e partindo sempre como base das mareas locais, establecerase o marco territorial que será refrendado nun Plenario específico.

A articulación de EM e as formas de participar non se circunscribirán unicamente ao ámbito delimitado polo territorio. Para sermos quen de artellar propostas e canalizar a participación articularanse a través do Consello órganos sectoriais de carácter transversal que permitan a elaboración de propostas e a participación tamén neste eido.

5. A interacción coa sociedade civil consciente e organizada

Desde o convencemento de que só mediante un tecido social organizado e con capacidade de incidir seremos quen de articular a rede de vontades necesarias para a conquista da hexemonía e a creación dun contrapoder que sexa quen de soste un pulso estratéxico para xerar condicións para unhas políticas favorables aos intereses da maioría social, EM aposta polo establecemento de alianzas cos sectores do pobo autoorganizados para a defensa dos seus intereses.

O novo suxeito político resultante non colle nos estreitos límites dunha única fórmula organizativa nin é posible sen inverter a direccionalidade e a xerarquización entre a organización política e os movementos sociais, e é por iso que desde o Consello das Mareas se darán os pasos para que EM sexa un activo nas loitas sociais e na canalización de propostas para a conformación dunha alternativa política coa participación da sociedade organizada.

6. O apoio e a coordinación coas mareas locais

As mareas municipais son a base fundamental na orixe de EM. É por iso que a coordinación e o apoio ás mareas serán parte fundamental do traballo do Consello nestes eixes:

O de traballar polo aperfeizoamento dunha rede de traballo que permita o intercambio de propostas e axuda mutua.

Os niveis de decisión político serán o local e o nacional. Poderán conformarse espazos comarcais e excepcionalmente provincial e de partido xudicial. Estimularase e favorecerase a creación de redes autónomas e autoxestionadas polos propios procesos municipalistas, como estes estimen oportuno, a nivel comarcal e provincial. Coa finalidade de dar resposta ás necesidades comúns da veciñanza da bisbarra, como un espazo onde poidamos poñer en común o traballo a nivel institucional, social e de intercambio de información entre os municipios, e tamén como lugar onde artellar as solucións para aquelas necesidades que superen o eido municipal, pois existen interconexións sociais, económicas e territoriais entre os concellos.

En caso de contradicións entre posicionamentos que afectan a ámbitos supramunicipais correspondera ao ámbito nacional a súa mediación inicial e en última instancia a súa resolución.

A estrutura territorial adaptarase á realidade galega, e tratarase dunha rede de colaboración permanente entre os distintos axentes do cambio, nas diferentes escalas, podendo coexistir órganos territoriais a nivel de comarca, localidade, ría, rexión urbana, etc. En ningún caso, as Mareas Locais perderán autonomía no seu ámbito de actuación.

O nivel local estará formado polas persoas adheridas a En Marea a nivel do concello. O espazo local terá plena autonomía de actuación sen que sexa posíbel ningún tipo de inxerencia comarcal, supracomarcal ou nacional na súa xestión. As candidaturas municipalistas poderán manter a súa autonomía ao marxe deste nivel de organización local sempre que o decidan. A decisión correspóndelle unicamente a elas.

O nivel comarcal terá en conta a realidade galega e, por norma xeral, respectará as comarcas históricas do noso país.

O nivel de partido xudicial e provincial activaranse excepcionalmente e serán o ámbito de decisión para estipular a forma de escolla de deputadas provinciais de ser o caso e o provincial a forma de escolla de deputadas para as eleccións galegas e estatais.

En calquera caso o espazo, poderá e deberá, articular ferramentas que acheguen a actividade institucional e o traballo no espazo ás realidades máis concretas de vida e activismo da cidadanía artellando encontros, mesas de traballo e outra serie de fórmulas para a rendición de contas e a ligazón co entorno social e veciñal.

Establecer canles fluídas de comunicación entre os distintos axentes do cambio espallados polo territorio e xerar dinámicas de cooperación a nivel local e comarcal, coordinar políticas no seu ámbito de actuación e superar aos localismos.

Recoller, debater e comunicar tódalas propostas da comarca ou área de influencia, de facer cuestións para o seu tratamento en Plenario. Será un punto de conexión, comunicación e de referencia para as distintas asociacións, asembleas,... con ideas comúns e que estean dentro do seu ámbito.

Poderán facer propostas, demandar información e rendicións de contas, organizar actos, partillar coñecementos, xerar canles de cooperación de todo tipo, e establecer asembleas permanentes nas súas respectivas áreas de influencia, tendo completa autonomía respecto da súa convocatoria, réxime de sesións, levantamento e difusión de actas, etc... Así mesmo terán a mesma consideración que os grupos de traballo á hora de elaborar propostas.

Serán as encargadas de organizar e distribuír as mesas electorais nos procesos internos de En Marea.

No ámbito local terán plena capacidade de decisión no ámbito do seu concello sen inxerencia de ningunha outra estrutura comarcal ou nacional.

As redes territoriais terán autonomía para desenvolver e regulamentar o seu funcionamento interno.

Ante os inscritos de En Marea no seu ámbito territorial.

As decisións deben ser produto do debate e da escoita activa, e polo tanto procurarase sempre un consenso o máis amplo posible, tentando incorporar todas as posturas cando fose posible para que ninguén se opoña a unha decisión. Cando isto non fose posible tomaranse as decisións por consenso de calidade, entendéndoo como aquel no que non se opoñan 1/3 dos presentes. En caso de atoparse cunha extraordinaria e urxente necesidade de tomar unha decisión, cuestión que será dirimida por maioría simple, establecerase o seguinte procedemento:

- Consenso
- 75%
- 2/3
- Maioría simple

As redes territoriais terán total autonomía para desenvolver e regulamentar o seu réxime de sesións.

As estruturas territoriais non se extinguiran salvo petición os inscritos en En Marea no seu ámbito territorial.

As redes territoriais terán total autonomía para desenvolver e regulamentar o seu réxime interno.

** Este documento esta exclusivamente contituido sobre a proposta electoral de +Alá e con textos da Asemblea fundacional de Vigo en cursiva.*

** *O desenvolvemento deste apartado faise no punto 6 deste documento*

Forma de goberno

Forma de Goberno

Este é o documento de **Forma de Goberno** que foi aprobado na Marea Constituínte do 30 de xullo en Vigo. Foi elaborado a partir do consenso entre as diversas achegas presentadas na última semana, e parte da base do traballo das Mareas en Común.

a) Bloque electoral

– Cal estimades que debería ser a forma xurídica da confluencia para presentarse ás eleccións ao Parlamento de Galicia 2016?

En Marea, adoptará a forma electoral de partido “instrumental” para concorrer ás eleccións ao Parlamento de Galicia.

– Baixo que nome?

A denominación electoral será escollida na Marea Constituínte a proposta da Xunta Xestora.

– Como se financiaría a campaña?

A campaña electoral para as eleccións ao Parlamento de Galicia financiarase preferentemente coas achegas económicas da cidadanía. Aceptaranse as achegas que calquera persoa física estea disposta a facer, de acordo cos límites e condicións que establece a lexislación de partidos políticos.

En caso de necesitar financiamento externo, recorrerase unicamente a entidades de banca ética e/ou cooperativa ou cun alto grao de responsabilidade social.

– Como se distribuirían os gastos?

Os gastos produciríanse con cargo á caixa única do partido instrumental que se empregue como ferramenta electoral, e serán da competencia da Xunta xestora.

– Que achegas en cartos ou en especie non serían aceptables (de habelas)?

As achegas á campaña, sexan en diñeiro ou en especie, serán conformes coa lexislación de financiamento dos partidos políticos, co compromiso de publicitar a identidade da súa orixe e destino.

– Como se decidirán os acordos para gobernar ou para apoiar un goberno?

Os pactos de goberno aos que poida chegar a candidatura de confluencia estarán condicionados polo respecto ao seu código ético, aos seus principios básicos e ao seu programa.

No caso de estar en condicións de ostentar a presidencia da Xunta de Galicia, poderanse incorporar no goberno persoas propostas por outras candidaturas. Para esta fin, a Marea Galega impulsará a elaboración dun código ético e de principios de goberno e de métodos de democracia directa e participación pública na política, que todas as forzas que integren o Goberno da Xunta deben consensuar e aceptar. A elaboración da proposta base para este Marco Democrático de Goberno corresponde ás persoas que forman parte do proceso de confluencia, en Plenario convocado a tal efecto.

No caso de non estar en posición de liderar en exclusiva un goberno autonómico, a Marea procederá a decidir, en función dos resultados acadados e as condicións políticas postelectorais, a súa participación ou non nun Goberno alternativo na Xunta de Galicia, procurando a formación dun executivo de progreso que garanta a realización de políticas a prol das maiorías sociais. No caso de entrar a formar parte dun goberno autonómico, será sobre as bases do Marco Democrático de Goberno Devandito.

Os posibles pactos para a conformación do goberno, tanto no escenario de pretender integrar persoas propostas por outras listas como no caso de prestar o seu apoio a unha presidencia procedente doutra candidatura, serán decididos polos órganos propios do proceso de confluencia. A proposición e negociación dun pacto de Goberno será responsabilidade dunha comisión designada polo Plenario, a proposta do Consello das Mareas e na que terá representación unha ou varias das persoas electas. Os termos deste pacto deben ser aprobados polo Plenario. Á súa vez, a decisión deste Plenario debe ser referendada en consulta cidadá con idéntico censo ao aprobado para as primarias e sobre un documento-programa de goberno con puntos definidos e compromisos de execución clarificados. Os acordos aos que se chegue deben ser públicos e o seu incumprimento con carácter grave e/ou reiterado deberá supor a fin da vixencia do pacto.

– quen e como constitúe o equipo de campaña e, no seu caso, as voceirías?

Antes da realización das primarias, o Consello das Mareas provisorio, facultado polo Plenario, porá en marcha os grupos de traballo encargados de atender as cuestións de elaboración do programa electoral, así como os de comunicación e loxística que sexan necesarios para afrontar con garantías o proceso electoral. Estes grupos serán conformados por consenso.

Unha vez realizadas as primarias, esta responsabilidade será compartida coa candidatura, á espera de que sexa escollido o Consello das Mareas definitivo, que será o encargado de propor ao Plenario a estrutura funcional que estime máis acaída para a súa validación. En calquera caso, o

equipo de campaña que se consensúe sera paritario e estará composto por un número suficiente de persoas que mellor represente o proceso de confluencia desde unha óptica superadora da mera suma de partes, tamén chegará a equilibrio territorial e a maior capacidade para abordar o conxunto de tarefas ligadas ao deseño e á execución dunha campaña electoral.

A portavocía, durante o período comprendido entre as primarias e as eleccións ao Parlamento de Galicia, corresponderalle ao candidato ou á candidata á presidencia da Xunta de Galicia.

b) Bloque estrutural

Pensamos que nun proceso de confluencia tan plural e complexo como o que nos ocupa, a lexitimidade non é un asunto menor. Se sometemos a nosa candidature a un proceso de primarias é, precisamente por isto, porque cremos que a lexitimidade garda unha íntima relación co exercicio directo da democracia.

Entendemos que as persoas que, dun ou outro xeito, representen ao proceso de confluencia, deben ter un alto grao de refrendo, non só como recordatorio de que, en ultimo caso, exercen o seu cargo mandatados polo proceso de confluencia, senón tamén para que lles conste o aval e respaldo do mesmo proceso.

Así, consideramos que as persoas que representan ao proceso, deben ser respaldadas e validadas polo proceso, con independencia de quen as propoña. Os mecanismos concretos de validación poden estar abertos a debate (en bloque, por órgano, etc) pero a validación en si é esencial.

Estrutura e organización do Grupo Parlamentar.

– Como se organizará internamente o Grupo Parlamentar?

O labor, funcionamento e estrutura do Grupo Parlamentar responderá aos principios de democracia, igualdade, transparencia, obediencia/lealdade, responsabilidade, horizontalidade, respecto á diversidade (afectiva, cultural, funcional), sustentabilidade, colaboración e funcionamento colexiado.

O cabeza ou a cabeza de lista asumirá o labor de coordinación do Grupo Parlamentario e realizará tamén no seu seo labores de arbitraje e mediación entre os seus membros. No caso de ostentar a presidencia da Xunta, o proceso de confluencia deberá escoller outra persoa electa para a coordinación do Grupo Parlamentario.

Será designada polo Grupo Parlamentario entre as persoas que o compoñen, sendo sometida esa decisión ao Consello das Mareas e validada polo Plenario. O voceiro ou a voceira do Grupo Parlamentario non debe ser a única cabeza visíbel. A súa actuación promoverá o traballo cooperativo e procurará garantir a horizontalidade.

O Grupo Parlamentario debe actuar de xeito unitario e colexiado. As persoas que resulten elixidas actuarán sempre como representantes da cidadanía e en nome do proceso de confluencia e só do proceso de confluencia.

O deseño e a estrutura do Grupo Parlamentario tenderán á horizontalidade, distribuindo e equilibrando as responsabilidades, respectando ao mesmo tempo a operatividade na toma de decisións e o bo funcionamento do grupo.

As decisións deben ser produto do debate e da escoita activa, e polo tanto procurarase sempre un consenso o máis amplo posible, tentando incorporar todas as posturas cando fose posible para que ninguén se opoña a unha decisión. Cando isto non fose posible, tomaranse as decisións por consenso de calidade, entendéndoo como aquel no que non se opoña un terzo dos presentes.

En caso de atoparse cunha extraordinaria e urxente necesidade de tomar unha decisión, a cuestión sera dirimida por maioría simple establecerase o seguinte procedemento:

- Consenso.
- 75%
- 2/3
- Maioría simple

Quen ostente cargo en nome deste proceso de confluencia recibirá formación en materia de igualdade de xénero e feminismos en dous niveis:

- Formación inicial e básica en feminismo para entender o movemento e ter unha visión global (historia do feminismo, contexto no que xorde e como evoluciona, conceptos básicos, violencia de xénero, lexislación actual ao respecto, etc.).
- Formación continuada e actualizada de temas relacionados con igualdade e xénero (cambios a nivel lexislativo na lei integral de violencia de xénero, sentenzas novidosas, etc.).

– Como se seleccionará o persoal de apoio ao Grupo Parlamentar?

A selección do persoal de apoio ao GP farase a proposta do GP, validada polo Consello da Marea. Deberá respectar os criterios de confianza e capacidade técnica, procurando a coordinación de todo o GP e será posteriormente validada polo Plenario. En calquera caso, o persoal eventual deberá asinar, previamente, a súa contratación efectiva, o código ético, os principios básicos e as restantes normas de transparencia para o persoal electo. A violación grave dos principios éticos e de transparencia poderá determinar a revogación desas designacións por medio dos mecanismos dos que se dote ao Plenario, sempre con respecto ás relacións laborais concretas establecidas.

– Como será a súa Carta Financeira?

Tanto os cargos electos como o persoal de confianza remunerado con fondos públicos e os cargos directos de designación política, farán públicas cada ano, a comezar polo intre da súa toma de posesión, as súas declaracións de bens, renda e, no seu caso, de patrimonio. Este compromiso estenderase durante tres anos despois do abandono, calquera que fose a causa, das súas responsabilidades. No caso das declaracións de bens precisarase a porcentaxe de titularidade dos bens, así como a identidade das outras persoas cotitulares e o réxime da relación

con ditas persoas cando se conte co seu consentemento. Consonte a esa transparencia, faranse públicos os criterios que avalen a contratación de cargos de confianza ou postos directivos.

O balance de gastos e ingresos do Grupo Parlamentario publicárase con carácter trimestral. Os ingresos dos representantes electos, así como o do persoal de confianza e cargos directivos, serán transparentes e accesibles. As axendas institucionais dos parlamentarios e as parlamentarias, así como as ordes do día e os informes que dean conta do seu desenvolvemento, serán públicos e accesíbeis, aínda que por razóns de seguridade non sempre en tempo real.

– Como se tomarán as decisións dentro do Grupo Parlamentar?

As decisións tomaranse preferentemente por consenso. En caso de que o consenso non sexa posíbel tras esgotarse as vías precisas para tentalo, as decisións tomaranse por maioría de membros. En ningún caso o voto do voceiro ou a voceira terá diferente valor que o dos/as restantes integrantes do grupo.

– Como se suplirían eventuais baixas dentro do Grupo Parlamentar?

No caso de que un membro do Grupo Parlamentario causase baixa, o seu posto sería suplido pola seguinte persoa da candidatura na súa circunscrición, se esta renunciase, sería suplido pola seguinte persoa e así sucesivamente.

– Como establecer o procedemento de revogación dun cargo?

No caso de que se detecte un incumprimento grave e reiterado do Código Ético, ou un afastamento manifesto das liñas políticas aprobadas, por parte de calquera membro do Grupo Parlamentario, a Organización poderá decidir retirar publicamente o seu apoio ao mesmo.

Esa decisión deberá ser adoptada polo Plenario cun apoio de, cando menos, o 60% dos que emitan voto, sempre que emita voto un mínimo do 50% das persoas inscritas no momento no que se inicie o proceso. Para que sexa convocada un Plenario con tal obxecto, deberá ser solicitado por un grupo, como mínimo do 25% do censo.

Realizada a proposta, a Comisión de Garantías elaborará un informe mediante a designación de tres persoas da mesma Comisión que deberán, necesariamente, escoitar á persoa afectada e decidir sobre a práctica de dilixencias por ela solicitadas, sendo as súas decisións recorribeis ante a propia Comisión de Garantías.

De aprobarse esa decisión será requirida a persoa afectada para que deixe o seu posto e, de non facelo, deberá, necesariamente, abandonar o Grupo Parlamentar.

No referido aos cargos designados polo Grupo Parlamentar ou a proposta destes (asesorías, etc.), a decisión corresponderá ao Consello das Mareas sempre que a mesma sexa instada polo 60% do mesmo Consello ou un grupo de persoas que representen un 40% do censo e votada favorablemente por 2/3 do propio Consello.

De aprobarse esa decisión, será requirida a persoa afectada para que deixe o seu posto e, de non facelo, será expulsada do Grupo Parlamentario.

Estrutura e organización do Goberno.

– Quen e como se elixirían as persoas que conformen o Goberno da Xunta de Galicia?

O Goberno da Xunta, ou a parte do goberno que lle poda corresponder ao En Marea en función dun pacto de goberno, deberá ser paritario e será escollido polo Grupo Parlamentario a proposta da Presidencia ou da persoa candidata á Presidencia, e necesitará o previo acordo do Consello das Mareas e posterior ratificación polo Plenario, ao que se lle presentará, xunto cos criterios seguidos para a súa conformación.

– Cal será a organización interna do Goberno?

O labor, funcionamento e estrutura do Goberno da Xunta responderá aos principios de democracia, igualdade, transparencia, obediencia, responsabilidade, horizontalidade, respecto á diversidade (afectiva, cultural, funcional), colaboración e funcionamento colexiado.

O presidente ou presidenta da Xunta será responsable da coordinación do equipo de goberno e realizará tamén no seu seo labores de arbitraje e mediación entre os seus membros. A persoa que presida a Xunta de Galicia, exercerá as funcións de representación derivadas do seu cargo, promoverá o traballo cooperativo, procurará garantir a horizontalidade e reivindicará o propio concepto de goberno autónomo como conquista democrática e ferramenta de transformación social no territorio galego. O executivo tentará visibilizar unha imaxe colexiada co obxectivo de dignificar o labor de cada área de goberno e facer visible a súa actuación, xustificar a súa necesidade e reforzar a percepción social arredor da utilidade dun Goberno autónomo.

O Goberno debe actuar de xeito unitario e colexiado. As persoas que resulten elixidas actuarán sempre como representantes da cidadanía e en nome do proceso de confluencia. O deseño e a estrutura do Goberno tenderán á horizontalidade, distribuindo as responsabilidades da mellor maneira posíbel, respectando ao mesmo tempo a operatividade na toma de decisións e o bo funcionamento do grupo.

As decisións tomaranse preferentemente por consenso, dentro dos límites marcados pola lei.

En caso de que o consenso non sexa posíbel tras esgotarse as vías precisas para tentalo, as decisións tomaranse por maioría de membros. O voto do presidente ou a presidenta non terá diferente valor que o dos/as restantes integrantes do grupo agás nos supostos dispostos pola lei.

Quen ostente cargo en nome deste proceso de confluencia recibirá formación en materia de igualdade de xénero e feminismos en dous niveis:

- Formación inicial e básica en feminismo para entender o movemento e ter unha visión global (historia do feminismo, contexto no que xorde e como evoluciona, conceptos básicos, violencia de xénero e lexislación actual ao respecto, etc.).

- Formación continuada e actualizada de temas relacionados con igualdade e xénero (cambios a nivel lexislativo na lei integral de violencia de xénero, sentenzas novidosas, etc.)

– Cal sería a estrutura de Consellerías do Goberno?

A estrutura do Goberno será proposta polo Grupo Parlamentario, a iniciativa do presidente ou da presidenta, coa conformidade do Consello das Mareas e posteriormente validada polo Plenario ou órgano equivalente.

En calquera caso, a estrutura funcional das áreas de goberno da Xunta incluírá tamén áreas transversais.

Caso de gobernar en coalición con outra forza, a estrutura do goberno estará axustada ao programa político de progreso pactado, coas prioridades que se estimen no acordo, e nos criterios que avalen o cambio político”

– Como se escollería o persoal de apoio ao Goberno?

O presidente da Xunta e cada conselleiro ou conselleira poderá escoller os altos cargos e persoal de confianza deles dependentes, previa ratificación do Consello das Mareas. A escolla do persoal ao que se refire este apartado seguirá criterios de transparencia informativa, deberá respectar os criterios de confianza e capacidade técnica, e será validada posteriormente polo Plenario. No suposto do persoal ao servizo ou dependente de decisión do conxunto do goberno, a selección será obxecto de decisión colexiada, de acordo co establecido, no seu caso, no pacto de goberno.

– Como se escollería aos cargos públicos e persoal de apoio da administración?

O nomeamento dos cargos públicos e persoal eventual, nos supostos de libre elección polo goberno ou no seu caso, GP, seguirá criterios de transparencia informativa, deberá respectar os criterios de confianza e capacidade técnica, e será validada polo Consello das Mareas e Plenario.

– Como se escollería á representación institucional noutros organismos dependentes da administración?

O presidente ou presidenta da Xunta proporá ao conxunto do Goberno cada un dos nomeamentos de acordo co previsto, no seu caso, no pacto de goberno.

– Como será o proceso de toma de decisións do Consello da Xunta?

As decisións tomaranse preferentemente por consenso, dentro dos límites que marca a lei. En caso de que o consenso non sexa posíbel tras esgotarse as vías precisas para tentalo, as decisións tomaranse por maioría de membros.

– Como establecer o procedemento de revogación dun cargo?

No caso de que se detecte un incumprimento grave e reiterado do Código Ético, ou un afastamento manifesto das liñas políticas aprobadas, por parte de calquera membro do Grupo de Goberno, a Organización poderá decidir retirar publicamente o seu apoio ao mesmo.

Esa decisión deberá ser adoptada polo Plenario cun apoio de cando menos o 60% dos que emitan voto, sempre que emita voto un mínimo do 60% das persoas inscritas no momento no que se inicie o proceso. Para que sexa convocada un Plenario con tal obxecto, deberá ser solicitada por un grupo, como mínimo do 40% do censo.

Realizada a proposta, o Consello das Mareas elaborará un informe mediante a designación de tres persoas do mesmo Consello. De aprobarse esa decisión será comunicada ao Presidente da Xunta de Galiza aos efectos do seu cese e destitución.“

c) Bloque relacional

Relacións entre o Grupo Parlamentar e o suxeito político.

–Con que mecanismos contarán as nosas parlamentarias para acadar o apoio do suxeito político?

O Grupo Parlamentario e as persoas propostas pola Organización que formen parte dun eventual Goberno da Xunta, son parte da Organización e débense aos acordos da mesma, ademais de ter que ser apoiados por ela.

Debe primarse a coordinación da acción institucional coas decisións políticas do conxunto de persoas partícipes e coa acción política que deriva desas decisións.

As persoas que forman o Grupo Parlamentario e as do Goberno da Xunta deben integrarse, logo das eleccións, na estrutura da mesma, e participar, ademais de na no Plenario, en calquera outro dispositivo de coordinación que se acorde constituír.

Hai que tender a evitar que as responsabilidades e a visibilidade dos cargos públicos deste proceso poidan ser un obstáculo para a autonomía da organización e a visibilidade da súa acción e propias portavocías.

–Como informarán da súa acción política as parlamentarias ao suxeito político?

Tanto o Grupo Parlamentario como o Goberno da Xunta darán conta trimestralmente do seu traballo institucional diante do Consello das Mareas, así como ante o Plenario, cando así se inclúa na orde do día. Tamén deberán responder diante de calquera nodo (grupo de traballo, etc) cando a natureza dos asuntos así o requira, previa solicitude e trala aprobación dos órganos de coordinación.

Estas dinámicas de rendemento de contas non deberán suplir, en ningún caso, aqueles que se deberán implementar nas institucións.

– Que datos das parlamentarias terán que ser do coñecemento do suxeito político?

Cando menos, os que prescribe a lei.

– E do seu persoal de apoio?

Cando menos, os que prescribe a lei.

– Como renderán contas e ante que órgano?

As persoas que sexan elixidas e conformen o Grupo Parlamentario participarán na estrutura organizativa da que se dote o proceso de confluencia, debendo asegurar a súa presenza o Plenario.

Serán habilitadas fórmulas para que as mesmas expliquen a súa actividade sobre todo de carácter sectorial e tanto con persoas da Organización como con entidades sociais con interese na materia, mediante actos públicos descentralizados e periódicos, nos que poidan interactuar coas persoas que conforman a estrutura organizativa e a cidadanía en xeral

– Que vías de comunicación se abrirán entre o suxeito político e o Grupo Parlamentar?

As persoas que conforman o GP participarán de forma periódica na Comisión de Coordinación do xeito indicado no documento de Organización Interna, coa fin de facilitar o coñecemento da súa actividade. Deberán asistir e informar sobre a súa actuación sempre que este órgano os convoque ao efecto.

Relacións entre o Grupo Parlamentar e o Goberno.

– Como se coordinarán o Grupo Parlamentar e o Goberno?

O Grupo Parlamentario e o Goberno da Xunta terán xuntanzas periódicas e outros mecanismos de coordinación. En ambos os dous casos, serán coñecidos polo Plenario. Para coordinar o Grupo Parlamentario e o Goberno serán celebrados plenarios conxuntos dos parlamentarios e as parlamentarias, membros do goberno e persoas que designe o suxeito político. Este plenario, por exemplo, tería que celebrarse como mínimo: ao inicio de cada período de sesións; para elaborar a proposta de orzamentos; e para preparar o debate de estado da nación.

Relacións entre o Goberno e a organización.

– Con que mecanismos contarán os nosos cargos públicos para acadar o apoio do suxeito político?

O proceso de confluencia establecerá, a través dos seus órganos, os mecanismos e as dinámicas necesarias para que o suxeito político siga vivo, tanto para dar apoio ao Grupo Parlamentario e/ou o Goberno da Xunta na consecución dos obxectivos políticos compartidos como para exercer os labores de fiscalización e contrapoder.

– Como informarán da súa acción política os cargos públicos ao suxeito político?

As persoas que compoñan os grupos institucionais participarán dos órganos de coordinación do proceso de confluencia, coa fin de manter informado de forma periódica ao suxeito político dos acontecementos que se deriven da súa acción institucional. Polo menos unha persoa do Goberno deberá asistir e informar das actuacións do Goberno sempre que o Consello das Mareas se convoque e se inclúa na orde do día, ou sexa requerido para elo.

– **Que datos dos cargos públicos terán que ser do coñecemento do suxeito político?**

Perfil profesional, ademais dos que prescribe a lei.

– **E o seu persoal de apoio?**

Perfil profesional, ademais dos que prescribe a lei.

– **Como renderán contas e ante que órgano?**

As persoas que sexan elixidas e conformen o Grupo Parlamentario, así coma as pertencentes ao Goberno, participarán na estrutura organizativa da que se dote o proceso de confluencia, debendo asegurar a súa presenza no Plenario.

Serán habilitadas fórmulas para que as mesmas expliquen a súa actividade sobre todo de carácter sectorial e tanto con persoas da Organización como con entidades sociais con interese na materia, mediante actos públicos descentralizados e periódicos, nos que poidan interactuar coas persoas que conforman a estrutura organizativa e a cidadanía en xeral.

– **Que vías de comunicación se abrirán entre o suxeito político e o Goberno da Xunta?**

Aplicaranse os mecanismos de democracia directa e/ou rendición de contas estipulados no documento de Organización Interna.

Relacións entre os diferentes grupos parlamentarios

O Grupo Parlamentario terá autonomía para establecer relación con outros grupos parlamentarios, e deberá dar conta das relacións con outros grupos parlamentarios sempre que estas puidesen cuestionar aspectos relacionados co Programa, os Principios Básicos ou o Código Ético.

No relativo a outros acordos parlamentarios, distintos dos de investidura ou de goberno, que se puidesen dar con outras forzas políticas, estes virán limitados polos principios básicos, e o código ético do En Marea, e o programa electoral ou, no seu caso, de goberno

d) Rendición de contas

– **Como renderá contas o Goberno directamente ante a cidadanía, ademais de a través dos canles regulamentados pola Lei?**

A rendición de contas é eixo fundamental da acción política do Goberno. Os membros do Goberno deberán rendir contas de forma pública, aberta e descentralizada, fronte ás entidades

provinciais, comarcais ou municipais que se cren para facelo, tanto presencialmente como por medio doutras ferramentas.

– Como renderá contas o Grupo Parlamentar directamente ante a cidadanía, ademais de a través dos canles regulamentados pola Lei?

Mediante actos públicos, abertos á cidadanía e descentralizados. Promoverase ademais que a cidadanía poida intervir nestes actos. Estableceranse tamén outros mecanismos de rendición de contas e transparencia utilizando as ferramentas dispoñibles.

e) Participación cidadá

– Que fórmulas de democracia directa no executivo se van artellar?

O poder executivo reside no Consello de Goberno da Xunta. O futuro goberno comprométese a achegar á cidadanía a xestión diaria das institucións, poñendo en marcha mecanismos de participación cidadá que melloren e faciliten a posta en práctica de valores como a autonomía e a participación na xestión e toma de decisións sobre os recursos públicos.

– Que fórmulas de democracia directa no legislativo vanse artellar?

O futuro goberno promoverá o artellamento de mecanismos que permeabilicen a participación da cidadanía na elaboración e toma de decisión das leis, especialmente cando a formulación dunha lei puidese danar os dereitos sociais, ambientais ou políticos da cidadanía. O Goberno e o Grupo Parlamentario traballarán para ampliar os mecanismos e instrumentos de participación cidadá xa previstos legalmente.

– Como e cales serán vinculantes as consultas que se fagan á cidadanía?

O Goberno ou Grupo Parlamentario presentará no primeiro ano da lexislatura unha modificación da actual lei de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá, que amplíe e mellore ditos mecanismos e instrumentos de empoderamento cidadá, así como un proxecto de lei de consultas populares.

f) Transparencia

– Que medidas de transparencia implantaranse na acción do goberno?

O Goberno da Xunta desenvolverá mecanismos de información transparente na relación coa cidadanía, que irán máis alá dos que prescribe a lei e estarán detallados no programa electoral.

A información porase ao dispor da cidadanía de forma aberta, comprensíbel e en formatos que permitan a súa reutilización, seguindo os criterios da filosofía Open Data.

Será pública toda aquela información relevante que non estea protexida pola lexislación de protección de datos ou que se declare reservada por lei. O Goberno publicará a información relevante para que a cidadanía poda controlar a acción de goberno. Particularmente, as axendas

do/a presidente/a e os/as conselleiros/as, os relativos á contratación pública, as declaracións de bens e actividades dos/as concelleiros/as, etc. serán dadas a coñecer tanto na web institucional como por outros medios ao seu alcance.

Toda aquela información que, non sendo reservada por imperativo legal, non chegue a ser publicada na web ou por outro mecanismo, será accesíbel para calquera cidadán ou cidadá segundo os mecanismos que regulamentariamente se determinen.

Os cargos electos, así como o persoal de confianza remunerado con fondos públicos e os cargos directos de designación política, farán públicas cada ano, a comezar polo intre da súa toma de posesión, as súas declaracións de bens, renda e, no seu caso, de patrimonio. Este compromiso estenderase durante tres anos despois do abandono, calquera que fose a causa, das súas responsabilidades. No caso das declaracións de bens precisarase a porcentaxe de titularidade dos bens, así como a identidade das outras persoas cotitulares e o réxime da relación con ditas persoas cando se conte co seu consentemento. Consoante a esa transparencia, faranse públicos os criterios que avalen a contratación de cargos ou postos de libre designación.

Os ingresos dos representantes electos, así como o persoal de confianza e cargos directivos e altos cargos, serán transparentes e accesibles, ampliando e desagregando a información a publicar.

– **Que medidas de transparencia implantaranse na acción do Grupo Parlamentario?**

O Grupo Parlamentario fará públicas na web as retribucións, declaracións de bens e actividades e declaracións de IRPF, e no seu caso, Patrimonio das persoas que o integran. Dita publicación actualizarase anualmente e sempre que se dean os supostos de feito de alteración de ditas declaracións.

Á súa vez, o Grupo Parlamentario será transparente no relativo á súa actuación, desenvolvéndose tamén na web correspondente un apartado específico.

Ademais, as contas do partido e grupo parlamentar deben ser públicas. A estes efectos, trimestralmente publicaranse as súas contas na súa propia web.

Regulamento para a elección do Consello das Mareas

ARTIGO 1. OBXECTO

1. O presente Regulamento ten por obxecto regulamentar o proceso de elección do Consello das Mareas contemplado no documento de Organización Interna aprobado na Marea Constituínte do 30 de xullo de 2016.

2. O Regulamento foi elaborado pola Coordinadora Provisional de En Marea e aprobado polo Plenario de En Marea do 17 de decembro de 2016.

ARTIGO 2. CALENDARIO ELECTORAL

O calendario para a elección do Consello das Mareas será o seguinte:

- Venres 9 de decembro: Apertura do prazo para a inscrición no censo.
- Martes 10 de xaneiro, 10:00 horas: Apertura do prazo de presentación de candidaturas.
- Venres 13 de xaneiro, 23:59 horas: peche do prazo de presentación de candidaturas.
- Sábado 14 de xaneiro:
 - Proclamación provisional das candidaturas e apertura do prazo de 24 horas desde a súa publicación para a subsanación de erros e/ou presentación de reclamacións.
 - Remate do prazo para inscribirse no censo e ter dereito a voto nas eleccións ao Consello das Mareas ás 23:59 horas.
- Luns 16 de xaneiro: resolución de reclamacións por parte do Comité Electoral e proclamación definitiva de candidaturas.
- Martes 17 de xaneiro, 00:00 horas: inicio da campaña electoral.
- Venres 20 de xaneiro, 23:59 horas: remate da campaña electoral.
- Sábado 21 de xaneiro, 09:00 horas: inicio do período de votación nas eleccións ao Consello das Mareas.
- Luns 23 de xaneiro, 09:00 horas: remate do período de votacións.
- Luns 23 de xaneiro: proclamación provisional de resultados e apertura dun prazo de 48 horas para reclamacións.
- Mércores 25 de xaneiro: proclamación definitiva de resultados e das persoas integrantes do Consello das Mareas.
- Sábado 28 de xaneiro: constitución do Consello das Mareas.

ARTIGO 3. DEREITO AO VOTO

1. Terá dereito ao voto toda persoa maior de 18 anos á data de peche do censo (14 de Xaneiro de 2017) que resida, ou residise nalgún momento nos últimos cinco anos en Galicia e formalice a súa inscrición no censo antes das 23:59 horas do sábado 14 de xaneiro de 2017.
2. Non obstante, a nova coordinadora xurdida deste proceso comprométese a buscar o xeito de amparar legalmente a participación das persoas entre 16 e 18 anos dentro de En Marea.
3. Todas as persoas que conformaron o censo de primarias para as eleccións ao Parlamento de Galicia de 25 de Setembro de 2016 recibirán no enderezo electrónico facilitado para ese proceso unha ligazón para formalizar, de reunir e acreditar os requisitos necesarios, a súa inscrición no novo censo.

4. Todas as persoas deberán probar que residen ou residiron en Galicia mediante algún dos seguintes documentos: DNI con enderezo en Galicia, certificado ou volante de empadramento ou factura de fornecementos (auga, luz ou teléfono) onde consten o nome do titular e o enderezo. No caso das persoas migradas será preciso un documento que os identifique e o momento de chegada ao seu actual lugar de residencia (a inscrición no CERA). Todas as persoas terán que achegar esta documentación para o novo proceso no momento da súa inscrición no censo de En Marea: medrando.enmarea.gal.
5. Por esixencias da aplicación telemática elixida, todas as persoas inscritas terán que achegar un número de teléfono móbil para poder exercer o seu dereito ao voto.
6. En Marea obrígase a garantir o segredo do voto e ao cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

ARTIGO 4. CENSO

1. O censo de votantes para as Primarias do Consello das Mareas será elaborado ex novo polo Comité Electoral.
2. A inscrición para a participación neste proceso electoral pecharase as 23:59 horas do sábado 14 de xaneiro de 2017.
3. O censo das Primarias para o Consello das Mareas non se fará público e só será coñecido polas persoas integrantes do Comité Electoral e a equipa técnica da aplicación telemática que se empregará para exercer o voto.

ARTIGO 5. CANDIDATURAS AO CONSELLO DAS MAREAS

1. Requisitos para presentar unha candidatura:

a) Requisitos colectivos como candidatura

1. As candidaturas estarán conformadas, como mínimo, por tantas persoas como postos a cubrir (35) máis un número indeterminado de suplentes ata un máximo de 35.
2. As candidaturas irán ordenadas de xeito prelado e en cumprimento do criterio de xénero, segundo o sistema denominado “cremalleira”.
3. As candidaturas garantirán o equilibrio territorial de xeito que en cada tramo de 8 persoas terá que haber como mínimo 1 persoa candidata de cada unha das 4 provincias. As 3 últimas persoas candidatas non poderán ser todas da mesma provincia. No caso de existir suplencias, aplicarase o mesmo criterio contando desde o primeiro ao trixésimo quinto posto das suplencias.
4. As candidaturas deberán estar en posesión dos avais establecidos no presente Regulamento.

5. As candidaturas deberán presentar xunto coa lista de candidatas un documento político que conteña unha proposta de liñas de actuación no Consello. Sempre no marco dos acordos políticos do Plenario do 17 de decembro e os principios da Marea Constituínte, que incluírá as liñas relativas aos traballos a desenvolver pola organización orientados á I Asemblea, con proposta dun horizonte temporal para a súa realización. Así mesmo, conterá unha proposta de composición da coordinadora.
6. As candidaturas presentarán xunto co resto da documentación a súa denominación e imaxe gráfica. A denominación evitará incluír o nome de calquera marea municipalista ou organización política.
7. As candidaturas designarán, no intre da súa presentación, unha persoa que exercerá as labores de representante xeral da mesma diante do Comité Electoral. Esta persoa será o interlocutor único co Comité Electoral e o enderezo de e-mail coa que esta persoa está rexistrada en En Marea, a única canle de comunicación.

b) Requisitos individuais das persoas candidatas

Para formar parte dunha candidatura as eleccións ao consello das mareas, as persoas candidatas terán que estar en posesión dos seguintes requisitos no intre de se rexistrar a candidatura:

1. Estar inscrita no censo das eleccións para o Consello das Mareas.
2. Manifestar por escrito un compromiso de cumprimento do Código Ético de En Marea, así como dos Principios e Documentos aprobados na Marea Constituínte e no Plenario.
3. Cumprimentar o formulario de aceptación da súa inclusión na candidatura.
4. Asinar unha declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de exclusión.
5. Manifestar por escrito un compromiso de renuncia a calquera cargo que sexa considerado incompatible no caso de seren electa membro do Consello das Mareas. Renuncia que terá que ser efectiva antes da constitución do Consello das Mareas o sábado 28 de xaneiro de 2017.

2. Criterios de exclusión

a) Criterios de exclusión das candidaturas no seu conxunto:

1. Serán excluídas todas as candidaturas que non cumpran cos requisitos esixidos en todos os puntos do apartado 5.I do presente Regulamento e non subsanen en tempo e forma os erros detectados polo Comité Electoral.
2. Serán excluídas aquelas candidaturas cuxo documento político contradiga de xeito explícito o programa e os principios políticos de En Marea, así como o Código Ético aprobado pola Marea Constituínte do pasado 30 de xullo de 2016, e o documento político aprobado no Plenario do 17 de decembro. A estes efectos o Comité Electoral poderá derivar á Coordinadora Provisional a decisión sobre este criterio.

3. Serán excluídas aquelas candidaturas cuxa denominación ou imaxe gráfica conteña referencias a calquera organización política ou marea municipalista ou ao conxunto de En Marea. A estes efectos o Comité Electoral poderá derivar á Coordinadora Provisional a decisión sobre este criterio.
4. Incompatibilidades
As incompatibilidades para formar parte do Consello de Mareas parten inescusablemente do réxime de incompatibilidades dos documentos fundacionais da asemblea do 30 de xullo en Vigo e teñen como principio reitor a máxima integración do capital humano da Marea e a súa autonomía como movemento político:
 - Non poderán concorrer as eleccións para o Consello das Mareas aquelas persoas que formen parte do Comité Electoral.
 - As persoas que posúan a condición de membro do órgano executivo a nivel autonómico de dirección dunha organización política ou ocupen unha responsabilidade executiva dentro da mesma (secretarías xerais, portavocías e outros cargos homologables e membros de órganos executivos) poderán concorrer as eleccións para o Consello de Mareas pero non poderán formar parte do seu órgano executivo e/ou coordinador (Coordinadora Nacional).
 - As representantes institucionais de ámbito autonómico ou estatal poden presentarse ao Consello de Mareas, non podendo superar a súa presenza un 20% dos seu conxunto (aplicarase a corrección correspondente).
 - As persoas que ostenten a condición de portavoces dos Grupos Parlamentares no Parlamento de Galicia e no Congreso formarán parte do Consello das Mareas e da Coordinadora Nacional con voz e sen voto en tanto ostenten a mentada condición. De ser elixidos previamente, o grupo parlamentar respectivo elixirá a outra persoa representante.
5. A Coordinadora Nacional será elixida polo Consello das Mareas tendo en conta a proporcionalidade dos resultados das candidaturas presentadas ao Consello de Mareas, atendendo a criterios de paridade, eficacia e non remuneración.
6. A Coordinadora Nacional distribuirá as súas responsabilidades de entre os seus membros atendendo ás necesidades políticas, organizativas e comunicacionais de EN MAREA.
7. O Comité Electoral porá a disposición de toda a cidadanía os formularios oficiais correspondentes, que deberán ser presentados, logo de ser cumprimentados, a través do enderezo electrónico primariasgalegas@enmarea.gal, dentro do prazo de presentación de candidaturas.

ARTIGO 6. AVAIS PARA PRESENTARSE ÁS ELECCIÓNS DO CONSELLO DAS MAREAS

1. Terán a condición de avalistas todas as persoas inscritas no censo de En Marea nas condicións recollidas no presente Regulamento na data de peche de presentación de candidaturas.
2. Cada avalista poderá avalar unha única candidatura e nunca a aquela da que forme parte, quer como titular, quer como suplente.
3. Os avais deberán ser formalizados empregando o formulario oficial que se habilitará no portal medrando.enmarea.gal.

4. Correspóndelle ao Comité Electoral validar os avais entregados en tempo e forma segundo establece o presente Regulamento.
5. No caso de que o Comité Electoral detecte que unha mesma persoa avala a máis de unha candidatura, comunicarllo á representante xeral da candidatura por correo electrónico, ao tempo que se fai pública a relación de candidaturas, debendo a representante xeral corrixir o erro antes da proclamación definitiva.
6. Para presentar unha candidatura, deberanse reunir 75 avais (nin máis, nin menos) cun mínimo de 15 por provincia.
7. Os avais, xunto co resto de documentación entregada polas candidaturas, serán custodiados polo Comité Electoral.

ARTIGO 7. VOTACIÓN

1. A circunscrición para a elección do Consello das Mareas é a nacional.
2. A persoa electora deberá votar unicamente a unha das candidaturas que se presenten.
3. No caso de existir unha única candidatura, poderase votar por esta ou en branco. voto exercerase de forma telemática identificándose co nome de usuario e contrasinal no portal medrando.enmarea.gal. No momento de identificarse no portal para votar, dentro do prazo delimitado para as votacións, cada persoa electora recibirá no seu teléfono móbil un código único de usuario que lle permitirá exercer o seu dereito ao voto.
4. Así mesmo o Comité Electoral facilitará a existencia de puntos de votación presentes no maior número de concellos posibeis, en función da dispoñibilidade de locais, días e horas. A ubicación destes puntos comunicarase a través da web antes das xornadas de votación. Cada mesa contará con persoas voluntarias asesoradas polo Comité Electoral para garantir a limpeza do proceso e facilitar a votación, sen que en ningún caso poidan orientar de calquera xeito o sentido do voto.
5. A maiores das condicións de seguridade que oferta a ferramenta telemática, o Comité Electoral velará pola seguridade do proceso.

ARTIGO 8. SISTEMA DE RECONTO E PROCLAMACIÓN DO CONSELLO

1. sistema de recuento será proporcional puro entre as distintas candidaturas que concorran, de tal xeito que serán proclamadas electas as persoas que ocupen, segundo a orde prelada da lista presentada, os postos que a cada candidatura lle correspondan conforme ao reparto proporcional puro.
2. Consello resultante desta votación deberá respectar na súa composición o principio de paridade de xénero (50%), pero ao ser un órgano de 35 postos debe asumirse a sobrerrepresentación de mulleres, sendo o resultado de 18 mulleres e 17 homes na composición final do órgano. No caso de que, conforme ao sistema de recuento, o resultado das votacións non reflecta esta composición, aplicarase un sistema de corrección do seguinte xeito: serán substituídas as últimas persoas escollidas de cada lista

pertencentes ao xénero sobrerrepresentado pola seguinte do outro xénero na súa lista, tendo que operar a corrección naquela candidatura que obtivese un menor número de votos en relación con outras que tivesen desequilibrio de xénero.

3. Os resultados provisionais serán publicados na páxina web o luns 23 de xaneiro, abríndose un prazo de 24 horas desde a publicacións para as reclamacións, que serán resoltas polo Comité Electoral.
4. Os resultados definitivos serán proclamados en sesión pública o mércores 25 de xaneiro de 2017, expedindo o Comité Electoral a credencial de nomeamento de cada unha das 35 persoas electas para o Consello das Mareas.
5. Consello das Mareas reunirse en sesión constituínte o sábado 28 de xaneiro de 2017, as 12:00 horas.

ARTIGO 9. O COMITÉ ELECTORAL

1. O Comité Electoral está formado polas 13 persoas que conformaron dito órgano nas anteriores eleccións internas.

2. As persoas que formen parte do Comité Electoral non poderán ser candidatas no proceso, nin facer campaña, nin exercer como avalistas ou solicitar o voto para ningunha candidatura.

3. O Comité Electoral terá as seguintes atribucións durante o desenvolvemento do proceso electoral:

- Garantir o cumprimento deste Regulamento.
 - Poñer ao dispor das persoas interesadas os formularios correspondentes para todos os trámites necesarios para o proceso.
 - Garantir a igualdade de oportunidades.
 - Aprobar e proclamar as candidaturas presentadas.
 - Resolver as distintas queixas, denuncias e irregularidades que se presenten durante o proceso.
 - Revisar os avais e a documentación acreditativa da identidade e residencia das persoas censadas.
 - Elaborar un documento de consideracións e recomendacións dos límites para levar a cabo a campaña electoral, que será de obrigado cumprimento por parte das candidaturas.
-
- Designar e formar as persoas que actuarán como asistentes e interventoras durante o proceso de votación telemática asistida, quedando excluídas as persoas que formen parte dalgunha candidatura.
 - Validar ou anular os avais presentados.
 - Validar ou anular as candidaturas presentadas.

- Elaborar resolucións a respecto dos conflitos e queixas que se podan producir nas inscricións, o contido dos avais e candidaturas.
- Interpretar baleiros do presente regulamento.
- Realizar a corrección de xénero e territorial sobre o resultado final.

4.O Comité Electoral adoptará as súas decisións por consenso. No caso de non existir este, por maioría de 2/3 e, de non acadarse esta, por maioría simple.



enmarea.gal | @En_Marea | #HaiMarea